

Educación e Cultura Literaria en Galiza (414 - 1483)

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago de Compostela

Membro de Nova Escola Galega

RESUMO: A historia da educación en Galicia durante a Idade Media é un tema escasamente investigado. Neste artigo trazase unha visión panorámica deste período partindo dos seus antecedentes antigos prestándose unha especial atención ás cuestións culturais. A interpretación dos datos toma en consideración o contexto político e social dunha Galicia unida a Europa a través dos camiños que conducen a Santiago.

ABSTRACT: The history of education in Galicia during the Middle Ages has received very little attention. This article presents a panoramic view of this period starting from its beginnings, paying special attention to cultural issues. Data are interpreted taking into account the political and social context of a Galicia linked to Europe by the roads that lead to Santiago.

“J’ai voulu interroger ce passé, je me
suis laissé interroger par lui, je l’ai écouté
et j’ai été émerveillé”

J. SAUGNIEUX

Abrindo

A historia da educación, ou por máis precisión a historia do ensino en Galiza rexistra, en particular, desde hai vinte anos unha crecente nómina de valiosos traballos de investigación e publicacións, que sen embargo só están atentos á historia moderna e sobre todo á contemporánea. Neste senso son contadas as referencias a momentos anteriores e son mesmo moi específicas e parciais, ben que case sempre moi valiosas¹, de non ser unha contribución

globalizadora por nós formulada hai un certo tempo², a que levou por título *Historia do ensino no Reino de Galiza. Anos 414–1483*. O presente traballo, de similar rótulo, que alude a un tempo de moi longa duración e á educación literaria en Galiza, presenta unha revisión do escrito anteriormente, procurando corrixir erros, rectificar grallas cronolóxicas, madurar afirmacións e interpretacións, ademais de perseguirse nel unha actualización e enriquecemento da abordaxe histórica.

O período temporal acoutado é superior ao que comunmente se acorda na historiografía xeral europea occidental para falar da Idade Media, que se situaría entre os anos 476 (toma de Roma polos bárbaros ostrogodos e definitivo derrubamento do Imperio Romano Occidental) e o 1453 (ano este no que os turcos conquistan Bizancio ou Constantinopla, finalizándose así tamén o que fora o Imperio Romano Oriental ou Imperio Bizantino). Sen embargo a historia da educación adoita introducir outros matices; así, un investigador tan sólido como P. Riché³ sitúa os comezos da educación medieval, en tanto que unha nova civilización intelectual, na alba do século VII, se ben a partir do ano 480 (fins do S. V) traza un período novo baixo o control político dos bárbaros (xermánicos), no que supervive, aínda así, o modelo de Escola Antiga, en tanto que comezaban a desenvolverse as Escolas Cristianas. Pola súa parte, Buenaventura Delgado reserva o comezo da Idade Media para o alba do século VIII⁴, mentres que A. Rucquoi⁵ situaría tal principio, no caso da Hispania nas primeiras décadas do século VI. Coido que a posición de Riché ven ser a máis acaída ao noso caso. O período do que seleccionamos inclúe, en termos políticos, o comezo do Reino Suevo (411) e a fin da Idade Media en Galiza (1483). En termos culturais incorpora outras referencias: a primeira das datas refírese ao momento no que o clérigo galego Paulo Orosio –formado en Braga e Roma– visita a San Agostiño de Hipona, con quen sostén un notable diálogo intelectual, que pouco despois vai continuar con San Xerome en Xerusalén, mentres

¹ Son de destacar neste senso distintos traballos de Atanasio López, Aureliano Pardo Villar, Beltrán de Heredia, López Ferreiro, Díaz y Díaz, José Mattoso, Casimiro Torres, López Pereira, Romero Pose, Bernabé Bartolomé ou García Oro, entre algúns outros, aos que teremos ocasión de referirnos.

² A. Costa Rico, *Historia do ensino no reino de Galiza (Anos 414-1483)*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións, 1995.

³ P. Riché, *Éducation et Culture dans l'Occident Barbare. VI^e-VII^e siècles*, París, Du Seuil, e P. Riché, *Les écoles et l'enseignement dan l'Occident chrétien de la fin du V^e siècle au milieu du XI siècle*, París, Aubier Montaigne, 1979.

⁴ B. Delgado Criado (Coord.), *Historia de la Educación en España y América. T.1. La educación en la Hispania Antigua y Medieval*, Madrid, SM/Morata, 1992.

⁵ A. Rucquoi, "Education et Société dans la Péninsule Iberique médiévale", *Histoire de l'Education*, 69 (1996) 3-36.

que a segunda alude ao momento de inauguración do tempo da imprenta en Galiza, da man do Cabido catedralicio compostelano.

Falamos de Galiza ou do Reino de Galiza, e facemos, claro é, referencia a como este concepto xeográfico e máis político era entendido nos momentos nos que falamos. No ano de partida e ata o século XI, a Galiza é un territorio ben amplo. A *Gallaecia* romana, provincia imperial desde o ano 298 incluía tres conventos, o lucense –que é en boa medida a Galiza que como tal permaneceu a partir do século XI-, o bracarense e o asturicense, sendo a capital Braga.

Un territorio que tivo límites variables, durante moito tempo delimitados polos ríos Douro –coa desembocadura en Porto– e Esla, de modo tal que terras considerables de Portugal e das actuais provincias de Asturias, León e Zamora pertencían a ese espacio. É con esa consideración como, se ben atendemos preferentemente ao que é a actual Galiza, non deixamos de facer referencias a terras sobre todo do Norte de Portugal e do Bierzo, as máis próximas xeográfica e culturalmente, tomando nota, a este respecto, de como as crónicas carolinxias e musulmanas se referían nos séculos VIII e IX ao reino de *Galecia* e aos seus reis, entre eles Afonso II e Afonso III o Magno, entre outras consideracións oportunas. Cómpre tamén dicir que ao longo do século XI, con insistencia crecente as terras do Norte de Portugal comezaron a ser olladas como algo distinto.

Só esta visión, aínda non compartida na práctica historiográfica por todos os historiadores, sexan españois, portugueses ou mesmo galegos, permite entender con máis precisión e adecuación a historia de Galiza, e tamén a súa historia educativa e cultural⁶, cando menos entre os séculos I e X. Neste mesmo senso, cómpre, por máis precisión, coñecer a organización eclesíastica católica e a súa evolución, e tamén saber das relevantes pugnas entre a tradicional cidade metropolitana de Braga (reposta no 1071, desde a súa perda como tal no 716) e a nova cidade episcopal metropolitana de Compostela.

⁶ Este non resitar adecuadamente o concepto histórico da *Gallaecia* ten incidido negativamente na formulación de estudos histórico-educativos, afectando á interpretación e comprensión de diversos datos. Sucede nos estudos aludidos de Delgado Criado, e de A. Rucquoi, e tamén na *História do ensino em Portugal*, tan acreditada, de Romulho de Carvalho, da Fundación Gulbenkian. Ten acontecido nos estudos clásicos de Sánchez Albornoz, de Menéndez Pidal..., por seguir visións históricas sesgadas (Jiménez de Rada, Lucas de Tui), como oportunamente sinalou C. Nogueira Román, en “O tempo político dos trobadores”, en A NOSA TERRA, *Polo reino de Galiza*, Vigo, 1998, pp.6-19. Sen dúbida, outros autores como José Mattoso ou Antonio J. Saraiva (*A cultura em Portugal*) souberon ver isto correctamente.

E aínda outra precisión. En tanto que o aberto concepto de “educación” admite tan diversos graos de formalización de procesos de ensino–aprendizaxe interindividuais e tan diversas prácticas, cremos que a acoutación como “educación literaria” restrinx e concentra as dimensións de análise. Atenderemos a procesos de ensino–aprendizaxe, ligados á presenza dos actos da lectura e da escritura, para o logro dunha educación intelectual, mesmo con afán de “formación integral”, conseguida coa guía e/ou o auxilio de “mestres” e de textos e producións escritas, que poden actuar como repositorios ou depósitos de saber, de modo tal que unha persoa, en contacto crecente con tales textos e auxilios, pode acceder á sabiduría, ou mellor a graos variables de sabiduría⁷.

É preciso sinalar asimesmo que na actualidade a información elaborada dispoñible, en particular, para o período que vai desde o século IV ao X, é limitada, sempre e cando falemos do conxunto dos territorios cristianos hispánicos, incluíndo claro é a Galiza; ou digámolo de outro modo, é unha información rica para momentos e xeografías locais moi concretas, case só urbanas, pero sen alcance ao conxunto do espacio xenéricamente aludido. A precariedade de fontes nuns casos pola perda de pergamiños, as carencias de coñecementos dos investigadores para acertar a indagar e a atopar respostas, noutros casos, ou o trasfondo socio–político, que rexistra o devalo do vello reino e a periferización de Galiza, limitan e dificultan a “visibilidade” e a comprensión histórica.

Con tal prevención, creo que sí podemos delimitar os rasgos xenealóxico–históricos da educación literaria transcorrida en Galiza no tempo que sinalamos coa confianza de dispoñer dunha superior riqueza histórico–interpretativa nun tempo máis adiante.

⁷ Alúdese á educación literaria, atendendo substancialmente a aquela relativa aos *litterati*, fronte aos recoñecidos ou estimados como *illiterati*, sendo os *litterati* os que tiñan acceso á *littera*, é dicir á lingua latina, os que sabían ler e escribir o latín e coñecían de algún modo a súa gramática. Desde os tempos occidentais antigos cristianos a Biblia (en hebreo, grego ou latín) era a *littera* máis apreciada, sendo os monxes e os clérigos, na alta Idade Media, sobre todo, os *litterati*.

De todos modos, á veira da cultura latina, existía unha cultura laica, que se adquiriría sobre todo de modo oral, a través da práctica; informalmente con frecuencia e a través de modalidades diversas, como ten sinalado tan brillantemente Colette Beaune en *Éducation et Cultures. Du début de XII^e siècle au milieu du XV^e siècle*, París, SEDES, 1999.

De Paulo Orosio a Cresconio (414 - 1066)

O tempo do Reino Suevo–Galaico e da Galiza visigoda

No ano 409 instálanse os suevos na *Gallaecia*, e no 411 a través dun pacto político co Imperio pasa este territorio a ser recoñecido como Reino dos Suevos; un territorio que eles amplían ata incluír Coimbra e Lisboa por mediados do século VI. Asíntanse nun territorio, polo que parece xa superestructuralmente romanizado (nas prácticas políticas, culturais e xudiciais) e con presenza consistente de comunidades cristianas. Os mesmos suevos, xente a parte da galega ou da galaico–romana, asumen co rei Requiario, no ano 449, o catolicismo como relixión oficial e abandonan o arrianismo (expresión da influencia do orientalismo cultural e relixioso), anque non moito despois volverán a tales concepcións arrianas. En calquera caso, o reino dos suevos, acábase convertendo no Reino de Galiza, sustentado sobre as prácticas xurídicas romanas. Ao longo dun tempo escurecido, entremedias dos séculos V e VI, tamén se incorporaron a este espacio, asentándose na Mariña lucense, colonias de bretóns, que dispuxeron dalgunha organización entre eles, aínda que no marco do goberno do Reino. É xusto a mediados do século VI cando volve o catolicismo a ser relixión oficial deste Reino nun intre no que se abre un período de considerable expansión política, relixiosa e cultural. En relación co Imperio Bizantino, en oposición aos visigodos toledanos, coa celebración de Concilios aos que asisten todos os bispos da gran *Gallaecia*...; tempo este pouco duradoiro. No ano 585, os visigodos destrúen os centros de poder en Braga e incorporan a Galiza –anque con rasgos de autonomía– ao reino visigodo hispano, con existencia como tal ata que a irrupción e conquista musulmana, a partir do 711, o destrúe. Só unha parte dos conventos lucense e asturicense e algunhas outras terras norteñas quedan fora do control musulmán. Particularizadamente en Covadonga e arredores de Cangas de Onis, denantes de Oviedo –S^{ta} María do Naranco– comezarían a resistencia político–militar e os impulsos de reconquista.

¿Que dicir do desenvolvemento educativo ao longo destes tres séculos na Galiza? É insuficiente o que sabemos; e poden ser pertinentes tamén algunhas conxecturas.

Sostén a historiografía educativa europea que cara a segunda metade do século II habería escolas de gramática e retórica en todas as cidades provinciais do Imperio. Coñecemos tamén distintas disposicións do século IV a favor de fortalecer o ensino público no Imperio. Tendo iso en conta podemos pensar na presenza de algunha destas escolas entre nós, cando menos en Braga. En todo caso, os funcionarios romanos e as súas familias en Galiza estarían en contacto coas letras e non faltarían situacións de agrupamento de nenos roma-

nos ou galaico-romanos para poder recibiren ensinanzas, polo menos nunha, se cadra, un algo informal aula de lectura, escritura, cálculo, relixión... Ao caso, debemos sinalar tamén a constitución de distintas cohortes de soldados galegos, formando parte das lexións do Imperio, como vía a través da que moitos deles podían recorrer xeografías e acceder a saberes diversos. Circunstancias similares son as que permiten entender a presenza, nos finais do século IV, de personaxes como a relixiosa Eteria, autora do *Itinerario-Peregrinatio-aos Santos Lugares*, o bispo Prisciliano, autor de varios tratados de interpretación bíblica, onde denota unha forte preparación dialéctica, ou o monxe *Bacharius*, cos seus escritos tamén teolóxicos.

O século V recoñece, por exemplo, ao bispo Avito de Braga, biblista, intérprete de Oríxenes –que escribira en grego– e coñecedor pois da Patrística oriental⁸ (*apud* anos 400-410); a Paulo Orosio presente en Hipona no 414, autor de *Historiarum Adversus Paganos Libri VII* (*apud* 417), onde demostra un considerable coñecemento dos escritores greco-latinos e dos Santos Pais, incluíndo a Santo Agostiño e intervinte no Concilio de Xerusalén do 416, na compañía de San Xerome⁹; a Hidacio, bispo de Chaves e autor do *Chronicon* (ano 427); ou a Balconio (*apud* 441-448), bispo de Braga e animador da escola catedralicia¹⁰. O panorama sinalado por Riché noutros territorios europeos non parecería máis brillante. E por iso, López Pereira puido escribir que Prisciliano puxera en marcha o primeiro despertar cultural de Galiza¹¹, e Casimiro Torres, con anterioridade, chegou a escribir que no século V “Galiza ocupaba o primeiro foco cultural peninsular e un dos máis destacados do mundo occidental”¹².

Pechadas as portas de Roma como capital do Imperio, sendo independentes os suevos e estando situados no arrianismo –que os alonxaba dos galaicos-romanos, ou polo menos dos bispos das dioceses católicas existentes na Galiza–, debeu debilitarse a actividade cultural. Aínda así, non é pensable a non existencia dunha escola (palatina) en Braga e o mantemento dalgunha actividade intelectual e formativa nas sedes episcopais (Braga, Lugo, Iria,

⁸ Aludimos aos escritores da Antigüidade que contribuíron á elaboración doctrinal do Cristianismo: Xustino, Tertuliano, Clemente Alexandro, Oríxenes, quen conforman unha parte dos Santos Pais, así agrupados como os autores da Patrística.

⁹ Arredor da figura de Paulo Orosio hai estudos moi sólidos e só citamos na presente ocasión os seguintes: C. Torres Rodríguez, *Paulo Orosio. Su vida y sus obras*, A Coruña, Fundación Barrié, 1985, e, F. Fabrini, *Paolo Orosio. Uno storico*, Roma, E. di Storia e Letteratura, 1979.

¹⁰ Sobre a figura de Balconio hai que destacar a contribución de S. da Silva Pinto, “O bispo de Braga Balconio e a primeira conversiño dos suevos”; *Bracara Augusta*, 2 (1949) 10.

¹¹ J. E. López Pereira, *O primeiro despertar cultural de Galicia*, Santiago, Universidade de Santiago, 1989, e “O ronsel priscilianista na cultura de Galicia”, *A trabe de Ouro*, 26 (1996) 183.

¹² C. Torres, *Galicia Sueva. El Reino de los Suevos*. A Coruña, Fundación Barrié, 1977, p. 293.

Tui, Astorga...). De outra parte, existían contactos coa Galia merovingia, con Gran Bretaña, con Escandinavia, ademais dos particulares entre os bretóns lucenses cos celtas bretóns de Gran Bretaña e da Armórica (a Bretaña francesa), que podían ter algunha tradución no ámbito literario.

En todo caso, á luz das fontes que coñecemos non vai reaparecer con algunha forza o cultivo literario ata mediados do século VI na Galiza. Cara o ano 550, reinando Teodomiro, posiblemente a través da entente suevo-galaica con Bizancio, chegará desde Roma un clérigo, de orixe panón (de Panonia, actuais terras entre Austria e Hungría), e de alta formación literaria e teolóxica, coñecido como Martiño de Dume, porque en Dume, nas beiras de Braga, funda un mosteiro –do que será abade–, seguindo as orientacións do monaquismo oriental, con escola de formación clerical e biblioteca, que se converte tamén en escritorio. Debeu traer canda el códices gregos e romanos. E cos que xa habería en Braga, sería posible acceder á Patrística, a Donato, a Boecio, a Prisciano, ou a Marciano Capella, e a través deles a Platón, a Aristóteles –nos textos coñecidos só– e a anacos da literatura greco-latina. Martiño desde o 556 aparece como bispo en Dume, e desde o 570 como arcebispo de Braga –gobernando o rei Miro–, polo que se converte na autoridade eclesiástica máis relevante do territorio. Aparece tamén como fundador de mosteiros, entre eles posiblemente o de Samos, reformador do clero, compendiador dun corpus canónico¹³ dos concilios¹⁴ orientais (os *Capítula Martini*), autor da obra teolóxica (*Aegyptorum Patrum Sententiae*), que recolle as traducións desde o grego ao latín de diversos textos teolóxicos patrísticos, e das de carácter ascético-moral *De correctione rusticorum*, e *Formula vitae honestae*, un manual de ensinanza moral, aínda copiado na Baixa Idade Media co título *Seneca de quatuor virtutibus cardinalibus*¹⁵.

¹³ Un conxunto ordenado de disposicións dogmáticas e eclesiásticas aprobadas polos diversos Concilios celebrados pola Igrexa Católica.

¹⁴ Un concilio no marco da historia da Igrexa católica é unha asemblea clerical convocada para establecer e aprobar distintas posicións doctrinarias e de reforma relixiosa.

¹⁵ Entre tanto que se leva escrito sobre San Martiño, e sen aludir agora á edicións e estudos críticos moi especializados sobre os seus escritos e obras, nin á monumental *Patrología Latina* de Migne, só nos referiremos a P. David, *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI au XII Siècle*, Coimbra, 1947; X.E. López Pereira, *Cultura, relixión e supersticións na Galicia sueva. Martiño de Braga: De correctione rusticorum*, A Coruña, Universidade de A Coruña, 1996, L. Ribeiro Soares, *A linhagem cultural de San Martiño de Dume*, Lisboa, Imprensa Nacional/Casa da Moeda, 1998^{2a}; e, U. Romero Pose, "Un misionero en Galiza: S. Martiño de Dumio", *Encrucillada*, 15 (1979) 502-512.

Escritos e libros para avivecer a acción pastoral e doctrinaria, que é tamén notable. Martiño unifica a liturxia e as lecturas relixiosas, segundo o canon romano impulsado polo Papa Gregorio o Magno, crea a diócese de Lugo, participa nos concilios da *Gallaecia* celebrados en Braga nos anos 561 e 572 –cos seus textos e acordos escritos nun correcto latín–; e sábese que canda el outros clérigos realizarían labores de acompañamento, tal é o caso do labor traductor do grego para o latín do diácono Pascasio coa obra *Apothegmata Patrum*. Entre tanto, fortalecíase a organización relixiosa do Reino como proba a elaboración do *Parrochiale Suevicum*, ou *Divisio Teodomini* (apud 570), ordenando as parroquias das 13 dióceses, unha vez incorporadas as catro da vella Lusitania, algo máis de cen anos antes do establecemento dun documento similar no reino visigodo hispano (no tempo do rei Wamba, anos 667-670). E para estas parroquias había que formar clérigos, segundo o mandado no Cap. 20 do Concilio I de Braga (ano 561): “Tamén se acordou que non se pase de seglar ao grao sacerdotal, sen antes, durante un ano completo no oficio do lectorado ou subdiaconado, non se tivese familiarizado coa disciplina eclesiástica, e así, perito en cada un dos graos, chegue ao sacerdocio”.

Eran tempos nos que en Toledo comezaba a abordarse á educación literaria e a formación do clero (Aula Rexia, do ano 554; disposicións dos Concilios II, III, IV e VI dos anos 531, 589, 633 e 638, respectivamente, favorables á educación intelectual e relixiosa), podéndose así falar dunha educación literaria visigoda. A este respecto, o profesor Díaz y Díaz mantén, de todos modos, que as escolas latinas –de grámatica e retórica–, privativas dos hispanoromanos, deberían ter padecido cara o comezo do S.VI unha degradación cultural, en parte debido a seguir falando os visgodos arrianos os seus dialectos xermánicos, na vez da lingua latina. Pero tamén de camiño debeu comezar a restauración cultural se se ten en conta o sucedido en Sevilla, onde destacou a biblioteca monástica (bizantina) de S. Leandro, e onde se puido formar o seu irmán, S. Isidoro, o autor das *Etimoloxías*¹⁶.

A lectura e a escritura, o canto e a salmodia, co auxilio do *Salterio*¹⁷ e dos *Dísticos* de Catón¹⁸ compoñerían o programa elemental de ensinanza, ao que se adxuntaban coñece-

¹⁶ M.C. Díaz y Díaz, “El ambiente escolar y de la formación”, epígrafe da súa “Introducción general” (pp. 1-258) a SAN ISIDORO DE SEVILLA, *Etimologías (Edición Bilingüe)*, Madrid, Oroz Reta & Marcos Casquero Editores, BAC, 1982.

¹⁷ O *Salterio*, un dos libros da Biblia que contén os Salmos ou creacións poéticas atribuídas ao rei David, converteuse no códice e libro de lectura de máis uso e maior presenza nas casas relixiosas durante a Alta Idade Media europea.

¹⁸ Os *Dísticos* de Catón ou *Distica Catonis*, obra escrita por Catón o Vello reunindo múltiples preceptos morais foi unha obra amplamente utilizada para a formación moral; mesmo recomendada polos pedagogos humanistas.

mentos gramaticais, estudos bíblicos –coñecemento de escritores sagrados e de personaxes da Biblia– técnicas retóricas, e formación litúrxica, caso de pretender unha ensinanza superior, co auxilio de prácticas didácticas como a consulta de textos, a aprendizaxe memorística, as prácticas expositivas, ou a discusión para o exercicio da capacidade dialéctica¹⁹.

As *Etimoloxías*, unha das múltiples obras escritas (ano 620) por S. Isidoro, desde Sevilla, é para Díaz y Díaz unha magna, anque incompleta, enciclopedia de saberes baseada en fontes latinas e patrísticas, unha reconstrución do mundo antigo en diálogo co mundo cristiano, cun forte recurso á interpretación etimolóxica dos vocablos que encerran coñecementos, e sobre a base articuladora das artes liberais (definidas por Marciano Capella, a comezos do S.V). Un códice que alcanza un enorme prestixio cultural na alta Idade Media, do que xa había copias en Galiza no mesmo século VII²⁰, que se copia en Bobbio, o mosteiro italiano fundado polo irlandés San Columbano, e que é instrumento de formación na Escola palatina de Aquisgrán a comezos do século IX, e tamén noutros grandes mosteiros beneditinos²¹ europeos durante o mesmo século.

Pero debemos volver a Galiza. Finalizado o reino de Galiza no 585, o silencio, culturalmente falando, exténdese ata case mediados do século VII, ante a extrema perda de documentación escrita sobre pergamiños. Por volta do 640 aparece a vigorosa acción de San Frutuoso, que chegaría a ser arcebispo de Braga²²; un relixioso, de familia aristocrática, plausiblemente orixinario das terras do Bierzo, formado na escola catedralicia de Palencia, que impulsa a creación de mosteiros, como os de Compluto e San Pedro de Montes no Bierzo, os de Baiona, Poio e Armenteira (Castroleón-Castrove) nas Rías Baixas, e o de Turo-

¹⁹ Cfr. Díaz y Díaz, "Introducción general" ás *Etimoloxías* de San Isidoro de Sevilla, pp. 71-90.

²⁰ *Ibid*, p. 209.

²¹ Unha das creacións monásticas occidentais do século VI foi a de San Bieito de Nursia en Montecasino (entre Roma e Nápoles), exactamente no ano 529, onde procurou fusionar a procura da oración e da ascese co traballo manual, organizándose baixo a idea de "Ora et labora" a vida claustral dos monxes. A través de orientacións posteriores que foron perfilando este modo de vida relixiosa en comunidade (Casiodoro en Vivarium, Bieito de Aniano na Galia carolinxia...) o beneditinismo tivo unha extraordinaria expansión e influencia relixiosa, cultural e educativo-literaria. A casa matriz, Montecasino, foi abandonada por mor da invasión lombarda no ano 580, pero reabriu-se no 720, considerándose unha das máis importantes abadías do chamado renacemento carolinxio.

²² As primeiras referencias biográfico-históricas sobre San Frutuoso foron recollidas por San Valerio do Bierzo, que así se conservaron. Entre os múltiples estudos sobre a súa figura, maioritariamente elaborados arredor da cidade de Braga, destaca Díaz y Díaz, *La vida de San Frutuoso de Braga*, Braga, Diario do Minho, 1974; G. García Suárez, *San Frutuoso fundador del Monasterio y de los Pueblos de Poio*, Zamora, Ediciones Montecasino, 1992; José Mattoso, *Religião e Cultura na Idade Media Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional/Casa da Moeda, 1981.

nio, á veira de Braga, para os que dictou unha *Regula Monachorum*, constituíndo estes mosteiros como centros de estudio, de traballo e casas de oración, cun senso máis ascético e menos señorial que o impulsado pola *Regula* similar elaborada por San Isidoro. Tales mosteiros frutuosianos virían sumarse aos xa existentes en Dume, Bande, Samos, Bretoña e San Bertomeu de Tui. A todos eles, se cadra, hai que engadir xa neste tempo os eremitorios e pequenos mosteiros da Riveira Sacra –nas terras que arrodean aos ríos Miño e Sil en Ourense–; Sta. Cristina e San Estebo de Ribas do Sil e San Clodio, conformando no seu conxunto unha rede de conexións co mundo literario, se ben seguindo orientacións culturalmente non innovadoras, e con reducido alcance. Este labor foi continuado por S. Valerio desde a súa escola de S. Pedro de Montes nas beiras de Astorga (*apud. 675*)²³. Este impulso monástico frutuosiano, alimentado coa solicitude de códices a outros lugares, mesmo levou a que San Braulio, o arcebispo máis cultivado a mediados do século VII en *Hispania* escribira –en carta a San Froitoso– que a *Gallaecia* era, naquel momento, *magistra litterarum et ingenii*²⁴.

Entre tanto, en Córdoba, en Toledo, e noutros lugares, o desenvolvemento cultural e literario debía ser máis notable, respondendo a un consolidado modelo escolar e cultural cristiano. Pero, sen embargo, a penetración dos musulmáns na Hispania, a partir do 711, ía paralizar este desenvolvemento.

Baixo a ameaza dos musulmáns de Al-Andalus

Mentres, desde finais do S.VIII Europa coñecía o renacemento cultural carolinxiño, aquí entre nós, a acción cultural e literaria só puido estar atenta, en tales condicións, á conservación do tradicional acervo cultural relixioso visigótico e isidoriano, extremo este que efectivamente se acadou, con merma das innovacións. En Hispania, alén do intenso agromar cultural arabizante acadado en Al-Andalus durante o século X, e do que acontecía na Marca Hispánica²⁵, pouco se pode falar durante os séculos VIII-X de ningún desenvolvemento cultural. Os centros relixiosos (agás Ripoll, entre algúns outros) non tiñan ningunha similitude cos mosteiros carolinxiños de Fulda, Bobbio, Montecasinio, Saint-Gall, ... onde se copiaban códices, se traducían textos gregos, ... baixo os impulsos de Alcuino de York e outros.

²³ R. Fernández Pousa, *San Valerio (Nuno Valerio) Obras. Edición crítica con XIII facsímiles*, Madrid, CSIC, 1944.

²⁴ C. Torres Rodríguez, *Paulo Orosio. Su vida y sus obras, op. cit.* p.11

²⁵ O Imperio Carolinxiño exténdese dentro da Hispania polas terras superiores ao Ebro, en particular no que hoxe é Cataluña. Organizouse o territorio en condados e bispados. Os condados, independentes entre si, dependerían do superior de Tolosa, e así formaban parte do reino de Aquisgrán, que era integrante do Imperio. De modo similar, tamén as dióceses dependían do arcebispado de Narborne. No comezo do S. X, foi cando se comezou a falar dos Condes de Cataluña.

Se xa na segunda metade do S. VIII grande parte do territorio da actual Galiza e mesmo algunhas terras entre o Miño e o Douro estaban nas máns de cristiáns, isto debeu ser efectuado, sen embargo, con algunha inseguridade, de modo que o grao de feudalización foi aínda relativamente reducido. Aumentou cos comezos do S. IX, baixo o goberno político de Afonso II o Casto en Oviedo. No tempo do seu goberno, mentres por unha parte comezaban as invasións normandas sobre Galiza –a *Jacobslund* da literatura escandinaba–, “descubríase” o sartego do Apóstolo Santiago o Maior en Compostela (*apud* 820-830), un suceso que iría ter unha enorme transcendencia²⁶.

Hai que salientar que ao longo da segunda metade deste século IX, a nobreza galega, acompañando ao rei astur Afonso III o Magno (anos 866-910), que xa fora rei de Galiza, conquista a reconquista dos territorios de Braga, Guimarães, Porto (Portucale, no ano 888), Viseu, e tamén do Bierzo, Sanabria e por fin a cidade de Zamora (ano 893).

Isto permitiu asentarse e fortalecer un denso proceso de feudalización e de señorialización, co firme apoio eclesiástico. Nesta perspectiva hai que destacar: a arribada a Ourense do mozarabe Sebastián de Ercavica para restaurar a diócese de Ourense (que entre tanto dependera da de Lugo, esta reinstaurada co bispo Odoario asemade metropolitano de Braga); a recuperación da diócese de Astorga; a refundición da diócese de Dume (ligada a Bretoña) en Mondoñedo no ano 866; a consagración da nova catedral compostelana no 899 (en presenza do rei e de 18 bispos), que pasa a ser a sede da diócese de Iria-Compostela²⁷ e a creación ou reapertura de diversos mosteiros, un antecedente do vigoroso movemento monástico do S. X, organizados, en principio, seguindo a tradición ascética e pactualista propia da regra fructuosiana. Falamos por exemplo dos de S. Estebo de Atán (Pantón) e de San Paio de Antealtares en Compostela.

²⁶ Afonso II o Casto do que consta a súa formación no mosteiro de Samos, *apud* 768-774, segundo o historiador deste mosteiro Arias Cuenllas, considerou a Igrexa de Lugo como centro relixioso da monarquía astur ou astur-galaica e procurou algúns contactos políticos e culturais coa corte carolinxa en Aquisgrán.

²⁷ A finais do S. IX de novo Galiza tiña como sedes episcopais: Iria-Compostela, (Bretoña) Mondoñedo, Ourense, Lugo, e máis Astorga. Sedes ás que se lles suministrarían algúns libros litúrxicos traídos desde as comunidades mozárabes de Toledo e Córdoba coas que a Corte ovetense de Afonso III o Magno mantiña importantes contactos de carácter cultural, como ten estudado Díaz y Díaz. Queda por sinalar que neses momentos non se restaura aínda a diócese de Tui, o que ocorrería no ano 820, anque ante o perigo normando os bispos só residirán nela a partir do ano 950.

O renacer monástico

Ao longo do S. X, así como houbo varias destacadas fundacións monásticas en Asturias, Zamora (Tábara), Palencia (Escalada) e León (Abellar, beneditino desde o ano 905), tamén en Galicia foron abondosas: Samos (reaberto no ano 922), Curtis, Sobrado (952), S. Martiño Pinario, S. Martiño de Xubia, Almerezo (fundado por Rosendo do Dumio no 867), Lourenzá (969), Celanova (936), Riba do Sil, Poio, Lerez, Carboeiro, Pico Sacro, Caaveiro, Meira, Monfero, Cinis, Ferreira de Guntín, Chantada, Xunqueira de Ambía, Sta. María de Mezonzo, Guimarães, Moraima... que se viñan sumar a algúns dos que pervivían, como o de San Pedro de Rocas. Isto é, ao longo do século X quedará trazado, en grande medida, o mapa monástico galego, mercede á acción e a protección de familias nobiliarias galegas, en proceso de expansión, como os Condes de Présaras (Sobrado), ou a familia de S. Rosendo (de onde ven a creación dos de Caaveiro, Celanova, Guimarães)²⁸.

O que é importante para a historia da educación é que en todos os casos, estes mosteiros eran dotados dalgúns libros de liturxia, de patrística, de moral e de cánones, no momento do seu nacemento, ou recibían algúns códices en préstamo para a súa copia, para conformar a dotación básica. Entre os títulos e referencias máis frecuentes hai que sinalar: o *Salterio*, as *Epístolas* de San Paulo, os *Diálogos* e os *Moralia* ou *Expositio in librum Job*, escrito polo Papa Gregorio Magno (anos 590-604), as *Etimoloxías* e as *Sentencias* de San Isidoro, o *Liber Regulorum*, o *Liber Ordinorum*, o *Liber Sacramentorum*, os *Oficios*, diversos *Oracionarios*, e ás veces, e cada vez con máis insistencia a *Regla de San Bieito*²⁹. Libros apropiados para os actos litúrxicos, que eran tamén instrumentos culturais para a formación de monxes e novicios, ou para as aprendizaxes pioneiras que realizaban os "pueri oblati" (os nenos ofrecidos polos seus pais aos mosteiros), presentes en grande parte dos mosteiros ata ben entrado o século XI.

²⁸ Hai que sinalar que o número de creacións foi aínda superior, dada a profunda conexión dos mosteiros con esas familias, chegándose a falar de "mosteiros familiares", nalgúns casos duplices (de varóns e mulleres); así, en moitos casos, a súa pervivencia foi reducida. Sobre esta cuestión: M^a C. Pallares Méndez, *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, Sada, Publics. do SEG/O Castro, 1998, pp. 126-9.

²⁹ Para máis detalles e superior coñecemento de referencias cronolóxicas, de obras literarias e de creacións monásticas pódese ver: A. Costa Rico, *Historia do ensino no Reino de Galiza (Anos 414-1483)*, op. cit., passim. Alí se fan abondosas referencias bibliográficas, entre as que quero destacar: A. L-pez, "Las Bibliotecas de Galicia y los códices litúrgicos", en *Estudios crítico-históricos de Galicia. Primera serie: El Eco Franciscano*, Santiago, 1916, e García Alvarez, "Los libros en la documentación gallega de la alta Edad Media", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 20 (1965) 292-329, onde se alude por exemplo a un total de 387 libros litúrxicos. É necesario citar, por outra parte, o *Index Scriptorum Latinorum Medii Aevi hispanorum* confeccionado por Díaz y Díaz, sobre os case 900 autores citados do período visigótico, onde se atopan raíces de parte dos códices agora enumerados.

Regularmente era reducido o número de códices de cada mosteiro. Sen embargo nalgúns casos, a dotación de códices tiña máis fartura: Celanova –da man de San Rosendo³⁰ e da súa nai-, ou Gimarães, fundado pola muller do Conde de Tui, Mumadona Días, no ano 959³¹; unha dotación que contemplaba entre outros unha copia do ricamente iluminado *Apocalipse* de Beato de Liébana. Códices, nuns casos feitos en Galiza (“que fixen xunto aos meus irmáns”, di Rosendo do Dumio, cando fai no ano 867 unha dotación a Almerezo, Pontecoso, A Coruña), e noutros, traídos e enviados desde o exterior, como os aportados polo monxe Zanelus, desde Roma, no ano 914, por encargo do bispo de Iria-Compostela (Sisnando I), ou traídos por monxes mozárabes, mesmo tamén durante o século XI, tempo este no que comezarían a chegar, cara ao seu final, tamén monxes desde Francia, a fin agora de desterrar a vella liturxia hispana (coas súas lecturas e cantos), e de introducir a liturxia romana gregoriana (cos seus novos textos e cantos). Superado o retraimento que debeu ocasionar cara a fins do S. X a conxunción de ataques normandos³², coas “razzias” de Almanzor³³, parecería que este desenvolvemento monástico continúa, renovándose parcialmente, durante o século XI, momento no que ademais, cobra unha maior forza o monacato bieito³⁴ e mesmo a presenza de casas monásticas femininas³⁵, nalgúns casos a través da reforma clunia-

³⁰ A figura de S. Rosendo, central no S. X en Galiza, como reformador e creador de mosteiros, tamén por baixo do Miño, é de gran importancia. Sobre tal figura, pode verse, en particular, Díaz y Díaz, et alii, *Ordoño de Celanova: Vida y Milagros de S. Rosendo (Facta e miracula Santi Rudesindi)*, A Coruña, Fundación Barrié, 1990. Trátase dunha edición crítica da Obra citada de Ordoño de Celanova, escrita no s. XI, con notable erudición bíblica e un adecuado latín, segundo Díaz. Pode consultarse tamén J. Mattoso, “San Rosendo e as correntes monásticas da súa época”, en *Religião e Cultura na Idade Média Portuguesa*, op. cit., pp. 29-53.

³¹ J.A. Pinto Ferreira, (Estudio crítico de), *Livro de Mumadona. Cartulario medieval existente no Arquivo Nacional da Torre do Tombo*, Lisboa, Academia Portuguesa da Historia, 1973.

³² V. Almazán, *Gallaecia escandinava. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Média*, Vigo, Galaxia, 1986.

³³ A través destas “razzias”, Almanzor esfarela Coimbra –un importante núcleo mozárabe–, Braga, León (ano 988) e Santiago (997), como centro espiritual do reino de León. Será, de seguido, o bispo compostelano Pedro de Mezonzo, o que parece ser o autor da cantiga *Salve Regina*, quen reconstrúa a cidade de Santiago.

³⁴ O beneditinismo parece que comezou en Galicia en Samos no ano 922, aunque quizais non aconteceu ata o 960. San Rosendo entregoulle a *Regula Benedicti* aos mosteiros da súa fundación, como o de Celanova no 936. Semella que esta *Regula* combinaríase coa isidoriana, polo menos ata que o Concilio de Coianza, ás beiras de León, do 1050 impuxo a beneditina para todos os mosteiros. O primeiro de Galiza que segue esta norma en exclusiva parece ser o de San Paio de Antealtares, desde o 1077.

³⁵ Danse como mosteiros destes momentos os de Ferreira de Pantón, Portomarín, S. Martiño de Pazó, S^{ta}. Eulalia de Fingoi, S. Estebo de Chouzán, San Xoán da Coba, S^{ta}. Comba de Bande, Mixós, S. Paio de Lemos, Salceda, S. Salvador de Albeos, e Bobadela (Samos). Aquí, no ano 912, a princesa Leodegundia asinaba un códice copiado por ela.

cense³⁶, con todo pouco presente como tal en Galiza³⁷.

Así examinada esta cuestión da expansión monástica chegamos pois a pensar nos varios lugares dispersos nos que en Galiza sería posible o acceso a certa cultura literaria a fins do século XI, sobre todo para os varóns, pero tamén para as fémias; cando menos no caso dos novicios e das novicias. Pero tamén podemos falar da acción escolar. Formalmente, os mosteiros bieitos con 20-30 monxes deberían ter unha (pequena) escola de formación dos futuros monxes (os novicios, que se formaban a partir dos 14 anos e durante un ano polo menos) coñecida como escola interna. Formábanse na lectura e na escritura caligráfica, no canto musical, na gramática latina e no cómputo básico. Pero tamén podían nalgúns casos tomar contacto cos clásicos latinos, ou coa astronomía e outras ciencias, como era o caso de Ripoll (co seu destacado mestre Oliva)³⁸.

Á súa beira, podía tamén haber a chamada escola externa, que atendía a nenos desde os sete anos e por un período de cinco ou seis anos: os oblatos e mesmo os fillos das familias ligadas a estes mosteiros; seguindo uns e outros, os internos e os externos, rexímenes disciplinarios distintos. Uns sometidos ás horas canónicas, e os pequenos mediante unha disciplina máis suave. Carecemos, actualmente, de referencias escolares concretas durante o século XI nestes mosteiros de Galiza, a non ser nos casos analizados de San Pedro de Rocas e de Celanova, pero ¿cómo non calibrar a existencia de escolas monásticas nunha sociedade en expansión, que ten en Santiago o vértice dunha corda umbilical importante con

³⁶ No ano 910 no mosteiro borgoñón de Cluny comezou a forxarse unha reforma da tradicional regra benedictina, procurando fortalecer os aspectos de *Opus Dei*, de exaltación litúrxica, que levou a que os mosteiros cluniacenses adoptaran un comportamento "señorial", mentres atendían ao ensalzamento da liturxia, o canto, a arte constructiva e a formación literaria, sobre todo relixiosa. A través de presenza do rei Sancho o Maior de Navarra (desde o ano 1000), penetraron aquí os cluniacenses, como tamén se forxou a idea do Camiño francés das Pelegrinacións. O mosteiro de Sahagún, á beira de León, pronto ía converterse na casa central da Orde de Cluny en España.

³⁷ En Galiza, o primeiro mosteiro cluniacense foi o de S. Salvador de Vilafrío (no ano 1075); seguíronlle Penamaior (Becerreá), O Cebreiro, Samos, San Vicente de Pombeiro, San Salvador de Budiño e San Martiño de Xubia (este, xa existente como mosteiro de Pedro Froilaz de Traba, no 1113). Os de Cambre e Bergondo adoptaron tamén algunha orientación cluniacense. E así tamén algúns femininos: S. Miguel de Eiré, S. Fiz de Cangas, Pesqueiras, S. Pedro de Vilanova, S. Miguel de Bóveda, S^{ta} Baia de Donas, e S^{ta} M^a de Conxo, algúns destes fundados no século XII.

³⁸ Entre tanto que se escribiu sobre Ripoll e outros mosteiros da Marca Hispánica, polo seu interese podería citar desde Galiza a contribución de M.A. Castiñeiras González, "Diagramas y esquemas cosmográficos en dos misceláneas de cómputo y astronomía de la Abadía de Ripoll (ss.XI-XII)", en INSTITUTO TEOLÓGICO COMPOSTELANO, *Compostellanum*, 1999, pp.593-646.

Europa, cunha catedral onde se coroaron como reis de Galiza³⁹ algúns dos fillos dos reis de León, que son aquí educados?

De Cresconio a Berenguel de Landoira (1037 - 1330)

A sociedade feudal en expansión

Co bispo compostelano Cresconio (anos 1037-1066), quen fortalece a cidade, participa na definitiva reconquista de Coimbra (1064), contribúe a reedificación da catedral metropolitana de Braga e impulsa a nova creación ou vitalización da Escola de Gramática da Catedral de Santiago, poderíamos dicir que se camiña cara a madurez do feudalismo e da Idade Media en Galicia. É no tempo do seu goberno cando se celebran Concilios (nos anos 1060 e 1063) que continúan os celebrados en Santiago no 1031 e en Coianza, xunto á cidade de León, no 1050, nos que se dan indicacións sobre a creación de escolas nas catedrais e mosteiros e sobre os requisitos de formación para ser clérigo e a conveniencia da educación dos feligreses, ao tempo que en Compostela se educaba, entre outros, García, quen sería desde o 1065 rei de Galiza (a actual, co norte de Portugal, Bierzo e Sanabria). Nun *scriptorium* da cidade –¿da catedral? ¿Antealtares? ¿Pinarío?– no 1058 quedaba rematado con fermosas miniaturas o *Libro de Horas* de Dona Sancha e de Fernando I de León. Un maior impulso se rexistrará co bispo Diego Pais, nomeado polo rei no 1069, e que gobernará a diócese ata o 1088. Diego Pais, no ano 1075, da principio á catedral románica compostelana, dota ao cabido catedralicio⁴⁰ con 24 coengos “honestos e instruídos” e ante as ameazas toledanas ao poder crecente de Compostela, unha vez trasladada de León a Toledo a capital do Reino (ano 1085), mesmo busca o reforzo da autonomía de Galicia co auxilio normando.

Cando isto acontece en Compostela, estaban forxándose alén dos Pirineos, os alicerces dunha nova inquietude cultural e dunha nova educación literaria. En varias escolas catedralicias e mosteiros (Chartres, Nôtre-Dame de París, Reims, Fleury-Sur-Loire, Tours, Monte-

³⁹ Como reis de Galicia, só, ou como antecedente a ser reis de León podemos citar a Ordoño II (910-914), o seu fillo Sancho Ordóñez (só de Galiza, entre o 925 e o 929), Ramiro II (coroadado no 931), Bermudo II (coroadado no 982), Afonso V (999-1027), Bermudo III (no 1027), García (só de Galiza co Norte de Portugal, entre o 1065 e o 1071) e Afonso Raimundes, no 1111, denantes de ser Afonso VII o Emperador (1126).

⁴⁰ O cabido catedralicio, formado por clérigos coengos (“*canonicus*”) refírese ao conxunto de clérigos que forman parte dunha igrexa (catedral ou colexiata, sobre todo), que serán obrigados á observancia dos cánones á maneira dos monxes, aínda que con algunhas salvedades ou mesmo o respecto ás súas propiedades privadas.

Casino, –onde xa se facían traducións de obras científicas árabes durante a segunda metade do S. XI–, Cluny...) estaban a acadar un notable rigor crítico os estudos gramaticais e teolóxicos, reverdecían os estudos médicos en Salerno, cultivábase a retórica e a dialéctica... Algunhas destas inqedanzas puideron chegar a Compostela, e ao seu cabido; a Lugo, onde García Conde nos pon en antecedentes sobre a escola catedralicia e o que nela se estudiaría⁴¹; a San Bertomeu de Tui; a Samos, a Celanova ou a Riba do Sil, notables mosteiros..., nun tempo de dinamicidade da sociedade galega. Unha vez máis, a última, restaurábanse as sedes episcopais de Ourense e Tui, e sobre todo a de Braga (co bispo cluniacense D. Xeraldo no 1071), coa creación de seguido da súa Escola catedralicia⁴². Tamén para a nova sede compostelana se nomea un monxe cluniacense (ano 1095: D. Dalmacio). Nestes momentos D. Pedro Froilaz, Conde de Traba, señorea unha nobreza galega expansiva, baixo a superior dirección dos novos Condes de Galiza, Raimundo de Borgoña e Urraca Afonsiz (filla do rei Afonso VI), que probablemente situaron unha pequena Corte en Compostela⁴³. Na catedral, na súa Escola, viña de estudar Diego Xelmírez, e agora facíao Pelaio, quen será un culto bispo de León, durante o S. XII, o que reúne unha moi rica biblioteca de códices, e o que declara ter recibido unha ciudadosa educación en Compostela.

Comezaba así o século XII, un tempo de importancia capital: o da forxa das primeiras universidades medievais (Bolonía, Oxford, París, Montpellier), o da madurez de Chartres e de

⁴¹ García Conde, “La escuela catedralicia lucense”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, 23-24 (1947) 215 e ss.

⁴² A restauración de Braga, impulsada polo rei García puido obedecer a unha crecente presión da clerecía bracarense, coa oposición dos bispados de Lugo –que detiña a metropoli arcebispal– e de Santiago, que entre tanto podían cobrar rendas alí. Se cadra houbo tamén un interese político de poder dispoñer dun arcebispado de tanta reciedume histórica, nun intento expansivo cara ao Douro, como ten suxerido E. González López en *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia* (Vigo, Galaxia, 1978). Braga, ao chegar a ser arcebispal e metropolitana, tiña capacidade de dirección sobre Iria-Compostela, cousa que esta non aceptou. Na tirapuxa que aí acontece, e que vai ser moi forte no tempo de Xelmírez, poderían atoparse claves fundamentais do nacemento do reino de Portugal, sobre todo logo de 1128, como teñen suxerido diversos historiadores, que reforzan as claves relixiosas, mesmo sobre outras “máis políticas”, para explicar o nacemento do reino portugués.

⁴³ O rei Afonso VI –de Castela, León e Galicia– conquistador de Toledo no 1085 coa colaboración de tropas borgoñonas, nomeará no ano 1093 en premio de colaboración a Raimundo de Borgoña –un dos apoios militares– Conde de Galiza, conxuntamente coa filla do rei, Urraca casada con Raimundo. Pouco despois nomea a Henrique de Borgoña, curmán de Raimundo, casado con outra das súas fillas, Tereixa, Conde de Portugal, sendo a primeira vez que como tal exista un “Conde de Portugal”. A primeira familia condal terá como fillo a Afonso Raimundes, que será rei de Galicia e logo Afonso VII o Emperador. A segunda familia terá a Afonso Enríques –curmán logo do anterior–, que será nomeado cabaleiro na catedral de Astorga no 1114, e que será rei efectivo de Portugal, sen as terras do condado de Coimbra gobernadas pola súa nai, a partir do 1128, anque os recoñecementos serían posteriores.

Reims, da Escola de Nôtre-Dame en París, e tamén da de San Victor de París, desde onde Hugo abría o campo disciplinario das artes liberais e ordenaba o curriculum e a organización didáctica; era o tempo dos grandes mestres forxadores da metodoloxía escolástica (Abe-lardo, co *Sic et non*, en dura pugna dialéctica cos seus opositores), ese intento de diálogo entre a razón e a fe, sostido, sobre todo, pola arquítrave lóxica do *Organon* aristotélico, anque sempre tensionado desde as orientacións platónico-agustinianas.

Galiza: parte do escenario cultural europeo

Galiza, sen dúbida, a través de Santiago (agora xa a Galiza territorialmente sen Portugal, anque permanecerán longo tempo os contactos familiares nobiliarios), vai estar presente nese escenario de renovación cultural europea; mesmo vai ser unha parte del. Xelmírez é nomeado bispo de Compostela no 1100 e no 1104 conquire do Papa a categoría arcebispal desta diócese, con independencia de Braga. Pouco tempo despois será arcebispado (1120) metropolitano con estesos territorios⁴⁴. E pouco antes, baixo a súa protección, e a do poderoso señor Pedro Froyla, Conde de Traba, coroará rei de Galiza a Afonso Raimundes, quen logo, con nobres galegos da súa confianza, será rei de León e Galiza, e finalmente tamén de Castela, asumindo o título de Emperador, como Afonso VII. A cidade de Compostela neste tempo recibe multitude de peregrinos, en particular franceses, e o arcebispo estará en contacto moi próximo co grande mosteiro de Cluny e con Roma. No 1127 ademais, Xelmírez é nomeado Capelán e Chanceler real, nominación que se extenderá á mitra compostelana no 1140.

⁴⁴ Xelmírez, a través probablemente do Conde de Galiza, irmán do Papa Calixto II, conquire a dignidade arcebispal metropolitana para Santiago no 1120, con alcance ás dióceses que pertencían as antigas Mérida e Lusitania. Lisboa, Lamego e Idanha, restauradas no 1147, Salamanca, existente desde 1102, e Ávila, e Coria (desde 1142). Mesmo Coimbra e Viseu, que no 1193 pasaron a depender de Braga. No 1199, creada a metrópoli de Lisboa pasaron a depender dela todas as portuguesas non ligadas a Braga. Compostela sostivo Salamanca, Ávila e Coria e foi incorporando, segundo se ían creando, Ciudad Rodrigo, Cáceres, Plasencia e Badaxoz. Pola súa parte, Braga foi metrópoli das outras galegas (Mondoñedo, Tui, Ourense, e Lugo), así como de Astorga e de Zamora. A partir da separación causada polo Cisma de Occidente en 1394 –Lisboa optou por Roma, e Castela por Aviñón– houbo unha reordenación das metrópolis arzobispais, e de tal modo Lisboa e Braga repartíronse as dióceses portuguesas, mentres de Santiago pasaron a depender todas as galegas, ademais de Astorga, Zamora, Salamanca, Ávila, Ciudad Rodrigo, Coria, Cáceres, Plasencia e Badaxoz, ata o Concordato de 1851. O poder que a metrópoli compostelana adquiriu no S. XII tamén en Portugal debeu almar aos arcebispos de Braga, que por iso favoreceron as intencións independentistas de Afonso Enríques, que tamén estaba apoiado por cabaleiros portugueses e aínda outros galegos, como Bermudo Pérez de Traba. Afonso Enríques enfróntase coa súa nai, Tereixa de Portugal e co seu segundo marido (Fernán Pérez de Traba), que derrotados véñense para Galiza, mentres acompañan a Afonso Enríques, outros galegos fillos segundos da nobreza galega que se instalan en Portugal, unha vez que en Galiza, quedan os primeiros, segundo o sistema do morgado (“mayorazgo”). Os dous irmáns Traba, presentes en distintos bandos, fillos de D. Pedro Froilaz –que

Neste marco, Xelmírez, gran señor feudal en Galiza, con esteso poder xurisdiccional, procura o robustecemento eclesial, e estará tamén moi atento ao plano da cultura e da educación literaria. Amplía a composición do cabido catedralicio ata acadar a cifra extraordinaria de 72 clérigos con distintas dignidades e ordes sacras. Entre eles, ben pronto aparecerá, cando menos de facto a figura do coengo Mestre Escola, e por tal se rexistra Xeraldo de Beauvais en 1118, ao cargo da *Schola Grammaticorum*, ao servizo da preparación clerical secular tanto dos compoñentes do cabido, como de futuros clérigos. Aparece tamén o coengo Chantre, responsable da capela musical, importante por certo en Compostela. O cabido non só realizará actividades litúrxicas, de culto e pastorais, baixo as orientacións cluniacenses, que deberon imprimir un selo de solemnidade especial, xa que tamén o estudio e a formación literaria estarán presentes, ao punto de ser recibidos mestres franceses e italianos en Compostela, e de ser enviados algúns clérigos ao exterior, a Chartres e a París, para a súa formación, tal como foi por exemplo o caso, non único, de Pedro Elías, sobriño de Xelmírez. Os coengos adultos –xa que tamén se incluían na cifra de 72 membros do Cabido porción de xóvenes barbilampiños– son invitados a albergar nos seus domicilios aos máis novos para contribuír a educalos a eles e a outros infantes. Coa formación lograda na Escola compostelana (en materia de gramática, pero tamén de retórica, de cánones, con iniciación quizais ás materias do cuadrivio) e cos coñecementos adquiridos tocantes á formación relixiosa, litúrxica e musical, algúns dos coengos podían logo ocupar sedes episcopais, como aconteceu nos casos de León, de Salamanca, de Porto, de Mondoñedo... ou podían axudar nos traballos do escritorio catedralicio. Da época xelmiriana (1100-1140) son dous formidables códices compostelanos dos que obran copias en diversos lugares actualmente. A *Historia Compostelana*, unha grande *narratio* deste tempo, e o *Liber Sancti Iacobi*, tamén coñecido como *Codex Calixtinus*, onde se agrupan cinco textos entre os que se achán unha das temperáns versións do Cantar ou Lenda de Roldan (a épica francesa), unha “Guía dos Pelegríns a Santiago” que é a primeira guía do Camiño Francés a Compostela, preparada

mandara reedificar o mosteiro de Sobrado-, quizais poñen de relevo dous entendementos de cómo emprender a expansión feudal en Galiza, ou permanecendo ligados a León, ou tentando un reino lusogalaico.

Esta dobre tensión está tamén presente nos intentos de Afonso Enríques, xa rei recoñecido de Portugal desde o 1138, de conquistar e unir a Portugal, polo menos ás terras galegas sobre o Miño; reaparece este intento da parte portuguesa no 1337 co rei Afonso V, e no 1369, cando por dous anos a cidade de A Coruña pasou a depender do rei portugués, contando sempre con apoios entre os sectores nobiliarios galegos. Mesmo no século XV no conflito entre a raíña Isabel e a filla sucesora directa de Enrique IV de Castela, Xoana, volveu a reproducirse esta tensión. Hai que recordar que o Conde Pedro Álvarez de Soutomaior acabou os seus días en Portugal, como Conde de Caminha. Tamén con ocasión do conflito relixioso no 1394 houbo clérigos que deixaron Galiza para pasar a Portugal.

polo francés Aimeric Picaud, e un precioso conxunto de partituras musicais con antifonas e outras composicións apropiadas para o culto ao Apostol Santiago; se ben, cabe a posibilidade de pensar na colaboración de Cluny e do seu *scriptorium* na preparación destas dúas óperas magnas, pénsase tamén na súa elaboración en Compostela, significándose así como expoñentes do clima literario e cultural compostelano. Varios dos personaxes presentes no Cabido, ou en Compostela, e o estudio que se podía facer na Escola Catedralicia son tamén exemplos do que se di.

Díaz y Díaz, facéndose eco do expresado nos dous códices citados, recolle que nela os clérigos eran “instruidos no coñecemento das letras, peritos no oficio eclesiástico”, co que se designarían “os saberes e técnicas normais para un eclesiástico de alto rango; isto é, teoloxía, eséxese e dereito”⁴⁵. Unha escola de gramática latina e de composición, ampliada ao estudio da elocuencia e da lóxica, por medio dun mestre de retórica e lóxica; unha Escola, en definitiva, para o estudio do *Trivium*, integradora tamén do estudio dos rudimentos das ciencias eclesiásticas, e aberta a un estudio básico de aspectos do *Quadrivium*. Polo que parece, non había ningunha outra Escola de tal alcance en Galicia nin en todo o reino de León, nin en Castela ou en Portugal. Inicialmente pagada polo arcebispo; pero pronto, parece que se creará no Cabido a figura de Mestre da Escola, coa preceptiva asignación de prebendas para tal desempeño. Para tal función apareceu Xeraldo de Beauvais en 1118; logo o mestre Raucelino, e en 1134 aparece o italiano Rainiero de Pistoia, con formación xurídica, ... G. Biggs, Enma Falque e o propio Díaz y Díaz falan da calidade literaria latina dos textos compostelanos. Coñécense non poucos autores latinos clásicos (Cicerón, Virxilio, Salustio, Ovidio, Horacio, Boecio) e igualmente os Santos Pais (Xerome, Agostiño, Gregorio, Isidoro..)⁴⁶. Pola súa parte, tamén Beltrán de Heredia fala positivamente da Escola composte-

⁴⁵ M.C Díaz y Díaz, “Problemas de la cultura en los siglos XI y XII. La Escuela Episcopal de Santiago”, *Compostellanum*, 16 (1971) 187-200, e “La Escuela Episcopal de Santiago en los siglos XI y XII”, *Liceo Franciscano* 28 (1975).

⁴⁶ Abondando nestas cuestións, o profesor Díaz y Díaz ven de darnos outro valioso apunte á hora de analizar un texto latino relacionado coa presenza do Apostol Santiago, nunha versión que el entende compostelana; o poema litúrxico titulado *De translatione beati iacobi lectiones secundum Leonem papam et magistrum Panichan*. Texto escrito polo mestre Panicha –do que non se coñecen outros datos- que é para Díaz un coengo do cabido compostelano do século XII, “que polos seus coñecementos de métrica, polo seu léxico e pola configuración estilística do texto, tiña sólidos estudos literarios”, en Díaz y Díaz, “La epístola Leonis pape De Translatione Sancti Iacobe in Galleciam”, INSTITUTO TEOLOGICO COMPOSTELANO, *En camino hacia la Gloria, Compostellanum*, Número extraord., 1999, Santiago, p.534, Nota 55.

⁴⁷ Di o profesor Beltrán de Heredia que a Escola Compostelana avantaxaba a todas as demais hispanas de León, Castela e Portugal, o que facilitou que “aquele cabildo llegase a ser el más culto” –con referencia ao século XII–, deixándose sentir a súa influencia, en particular, en Salamanca. Así, os chanceleres reais procedentes do Cabido Catedralicio compostelano Berenguer e Pedro Suárez de Deza foron bispos

lana⁴⁷, valoración que, sen embargo, Fletcher non chega a compartir⁴⁸.

Falabamos da Escola. Unha escola que se abre á cidade no 1170; “Rógase ao mestre-escola poña un preceptor que ensine non só ós clérigos e nenos de coro da catedral, senón aos de fóra”⁴⁹. Era un paso infrecuente ao servizo da escolarización pública, nunha cidade que era, con todo, pequena anque cosmopolita, comercial e artesana. Dictábanse mesmo estas medidas con adiantamento nalgún dos seus termos sobre disposicións eclesiais de superior rango, como o tan citado Canon 18 do 3º Concilio Lateranense de 1179 (Papa Alexandre III), relativo a presenza de mestres-escolas provistos nas catedrais para o ensino de Gramática e “para ensinar gratuitamente aos rapaces pobres”. Á veira da Escola non podía faltar un Escritorio; aparece máis formalmente, por volta de 1129, cando o mestre Bernaldo principia o fermoso *Tombo A*, niño de miniaturas e socorrido arquivo gráfico para imaxinar hoxe aos reis medievais de Galiza e de León, algo sen comparanza noutros territorios hispánicos. Tampouco podía faltar unha Biblioteca medianamente dotada. Xelmírez pon os seus códices a disposición: aí están diversos libros de cultura eclesiástica e canonística, aos que xa Díaz y Díaz, entre outros, se ten referido⁵⁰, algúns traídos de Roma, como a colección canonística *Polycarpus*, un dos precedentes do *Decretum...* de Graciano, elaborada por Gregorio de Ostia, e parcialmente adicada a Xelmírez. E con todo isto: ¿habería lugar para a Medicina? Desde a segunda década do seu mandato está en Compostela o médico Rober-tus Salernitanus, e haberá que pensar que se trata de alguén formado no estudio de Galeno na Escola cuasi-universitaria de Salerno, pero descoñecemos outros datos.⁵¹

de Salamanca. Incluso aínda ao comezar o século XIII a Escola Catedralicia Salmantina non avantaxaba á de Compostela, en “Los orígenes de la Universidad de Salamanca”, en *Miscelanea Beltrán de Heredia*, Salamanca, 1972, pp.12-13.

⁴⁸ Manifesta unha posición crítica sobre o alcance da vida intelectual na Catedral no tempo de Xelmírez: “Contrastaba marcadamente –di- coa situación de outras igrexas que estaban experimentando unha modernización intelectual neste período; por exemplo a de Canterbury de Lanfranco e Anselmo”. Neste mesmo senso Fletcher manifesta a súa desazón ante a precariedade das creacións dos *Scriptoria* de Galicia, os que, en todo caso, entre finais do século XI e o comezo do XII deberon estar moi ocupados copiando os novos libros litúrxicos”. Vid. Fletcher, *A vida e o tempo de Diego Xelmírez*, Vigo, Galaxia, 1993, pp.390-391.

⁴⁹ *Libro de Constituciones*, cit. por López Ferreiro, *Historia de la Santa A. Metropolitana Iglesia Catedral de Santiago*, Santiago, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar, 1898-1909, T.IV, Ap. 106.

⁵⁰ Ademais das referencias de Díaz y Díaz é oportuno referirse a López Alsina, *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago, Ayuntamiento de Santiago/Museo de las Peregrinaciones, 1988, pp.64-69.

⁵¹ Este *Salernitanus*, xunto con Rainerio de Pistoia non eran tampouco os únicos italianos presentes nas construcións xelmirianas. Están tamén o xenovés Euxerio, que por volta de 1115 dirixe a construción de dúas naves en Iria, para uso na loita contra os normandos, e un pouco máis tarde estará tamén o piloto pisano Fuxon.

¿E que dicir dos compostelanos que van estudar a Europa no tempo de Xelmírez? Falan os textos compostelanos (*Historia Compostelana*, 2, 49) de que varios clérigos coengos desprazados en París por mor dos estudos foran a Cluny; non se dan nomes, agás un do que se dí que estudiaba “filosofía”: era Pedro Elías, quen será entre o 1143 e o 1149 arcebispo compostelano, soterrado hoxe nesta Igrexa. O que xusto agora imos sabendo é que Elías foi en Chartres alumno do gramático Guillerme de Conches, con quen aprendeu a aplicar os métodos dialécticos ao estudo da gramática latina tradicional; sabemos que escribe –en Chartres ou en París– o texto gramatical *Summa in Priscianum*, elaborado coa preocupación sistemática dun tratado (superando a modalidade da glosa) que vai ser estudado ata a chegada do humanismo nas universidades, que ensinaba gramática en París (¿acaso en Nôtre-Dame, onde tamén a explicaba Guillerme de Champeaux, o máis ilustre gramático dos de Chartres?)⁵², tendo sido como dixemos alumno de Guillerme de Conches en Chartres, como tamén o fora Jean de Salisbury (1110-1180), o grande intelectual autor de *Policratus* e *Metalogicon* (1159). Ese grande intelectual e retórico ilustre que biográficamente nos deixa constancia de que o seu mellor dominio da retórica llo debía a Pedro Elías⁵³. ¿Podería Pedro Elías ter coñecido a Hugo de San Víctor, que ensinaba en París (1125-1141), mentres preparaba manuais para as artes liberais?; ¿ou a Pedro Lombardo, profesor de teoloxía en Nôtre-Dame en 1140, e máis tarde autor dos *Catro libros das Sentencias* (1152), o manual de teoloxía máis citado da baixa Idade Media? ¿Que podería ter chegado de todo isto a Compostela, irradiándose logo a outros lugares de Galiza? Non o sabemos. En todo caso, estas ensinanzas poderían ter chegado en momento propicio. Estaban aquí construíndose as outras catedrais, xusto a mediados do século XII, e hai que pensar que nese contexto tamén habería preocupación formativa nos cabidos catedralicios que se constituirán. Que non eran os únicos. Se antes falamos dos mosteiros, debemos agora sinalar que outros clérigos, fora das sedes catedralicias e noutros lugares, decidirán vivir en común, atendendo de tal modo a

⁵² E. Bechara, “Pensar gramática na Idade Media”, in MONGELLI et alii, *Trivium & Quadrivium. As Artes Liberais na Idade Media*, São Paulo, Ibis, 1999, pp.56 e 67.

⁵³ Jean de Salisbury logo da súa formación francesa ocupará un destacado posto no arcebispado de Canterbury, con Teobaldo e Tomé Becket como arcebispos, denantes de rematar, sendo el mesmo bispo en Chartres. A noticia de ter sido Pedro Elías formador del tomámola da referencia que o propio Jean de Salisbury fai aos seus estudos en Francia (durante 12 anos) no seu *Metalogicon*: “...Tamén repasei a retórica que antes vira parcamente co mestre Teodorico (de Chartres) e asimilara deficientemente. Posteriormente cheguei a dominala con Pedro Elías”. Cito a través de C. Raña Dafonte, “Juan de Salisbury, un pedagogo moderno en el siglo XII”, en FACULDADE DE CC. DA EDUCACIÓN/ICE (SANTOS REGO, M., Coord.), *A educación en perspectiva. Homenaxe ó Profesor Lisardo Doval Salgado*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2000, p.731. A referencia a Pedro Elías é formidable, anque parece que pasou inadvertida.

liturxia, a acción pastoral e a acción formativa, onde non faltaría a instrucción literaria, aunque carecemos hoxe dunha información concluínte. Vivían en común seguindo, polo xeral, a vella Regla de S. Agostiño, chamándose as súas casas Mosteiros de Coengos Regulares de S. Agostiño (ás veces formando Congregación entre eles: S. Víctor de París, S. Rufo de Aviñón, Premonstratenses, ...). En Galiza fórmanse así durante o século XII os de S^{ta}. María a Real de Sar (Santiago, 1136), San Xoán de Coba (1143), S^{ta}. María de Augas Santas (Allariz), Xunqueira de Ambía, San Xoán de Caaveiro (antes de 1175), e S. Salvador de Vilaza. Outros tantos puntos con algún depósito de libros, onde podía haber algún clérigo copista. Esta fórmula monástico-clerical foi a seguida no Mosteiro –culturalmente importantísimo– de S^{ta}. Cruz de Coimbra, que tivo como primeiro prior en 1131 a San Teotonio, un galego tudense. Baixo a súa influencia, mesmo o cabido catedralicio de Tui se organizou do mesmo modo, a partir de 1138, chegando bispos a varias igrexas de Galiza desde tal procedencia: un foco máis de irradiación cultural⁵⁴.

Galiza: un espacio socio-político articulado

Chegados aquí, precisamos aludir a outros datos e conxeturas relativos ao desenvolvemento cultural e educativo. Morrendo Afonso VII, no ano 1157 accede ao trono leonés o seu fillo Fernando II que se titula “Rei de Galicia e León”. Un rei facticamente galego -que fora educado en Compostela, sendo o seu preceptor o coengo e logo arcebispo D. Pedro Gudesteiz, outro estudioso en París⁵⁵-, que debeu favorecer desde o seu pazo compostelano tanto a creación poética en romance, como a musical, baixo o influxo do pulo dado ao trovadorismo

⁵⁴ San Teotonio (Ganfei, Tui, 1082), monxe bieito de San Bertomeu de Tui, chega a ser fundador de S^{ta}. Cruz xusto no comezo da independencia de Portugal, da man do seu tío Cresconio, bispo de Coimbra, tendo sido este antes Abade de S. Bertomeu de Tui. No momento da constitución de S^{ta}. Cruz de Coimbra, que xunto con Alcobaga, se converte no centro cultural durante o século XII da monarquía portuguesa, mandan buscar códices a San Rufo de Aviñón –centro da Congregación á que pertencía S^{ta}. Cruz– e a Compostela, posiblemente podemos entender ao *scriptorium* de Sar, asunto este que non é, de momento, máis que unha conxectura, en tanto que descoñecemos se efectivamente se levaron códices de Compostela a Coimbra (Vide a este respecto: JESÚS DA COSTA, A., “Coimbra: Centro de atração e de irradiação de Códices e de documentos dentro da Península nos séculos XI e XII”, in CENTRO DE HISTORIA DA UNIVERSIDADE DO PORTO, *Actas das II^{as} jornadas Luso-Espanholas de História Medieval*, vol.IV, Porto, Instituto Nacional de Investigação Científica, 1990, pp.1309-1334. Por outra parte, de Santa Cruz chegan bispos a Ourense (un en 1140), a Tui (de 1158 a 1166, de 1180 a 1191), e mesmo a Santiago, a fins de século.

⁵⁵ Pedro Gudesteiz promoverá un Estatuto capitular catedralicio, en 1169, *Ecclesiasticae majestati* para facilitar que a ausencia de coengos por razón dos seus estudos non fose impedimento para seguir percibindo as súas prebendas. Outro documento tamén ben importante e singular naquel tempo. Vide texto en Costa Rico, *H^a do ensino no Reino de Galiza*, op. cit., pp.144-145.

polo duque de Aquitania, Guillerme IX (1071-1127). Santiago será un notable centro cultural; “a cidade hispana máis florecente”, chegou a escribir Rafael Altamira, anque era unha pequena cidade. En Galiza enteira rexístrase unha notable transformación: nacen vilas, o rei concede cartas pobras, exténdese a repoboación rural e a modernización agraria da man dos mosteiros bieitos e dos novos mosteiros cistercienses, a partir do primeiro dos galegos, o de Sobrado no ano 1141⁵⁶. Cando este activo rei morre⁵⁷ o seu fillo e sucesor Afonso VIII⁵⁸ vai continuar ata o ano da súa morte (1230) unha traxectoria política similar á do seu pai.

Quere todo isto dicir o seguinte: os dous reis no período de 1157 a 1230 levan a cabo unha intensa creación de vilas, mediante a concesión de cartas-pobras. Novos lugares, moitos deles costeiros, onde poderán asentarse xentes que se liberarán así en moitos casos da dependencia señorial, co seu modelo de servidume feudal, aspecto este que de tanto en tanto suscitaba xa broncos conflitos. En Santiago, durante 1117 e en 1131, entre os burgueses e Xelmírez; tamén en Lugo e en Ourense. Favorecerase así a existencia de burgueses e menestrais, independizados da tutela xurisdiccional señorial abadenga, episcopal ou leiga. Baixo protección realenga, ou en espazos de maior liberdade, desenvolveranse Padrón, Ribadavia, Caldelas, Tui, Allariz, Pontedeume, Salvaterra, Baiona, A Coruña, Betanzos, Ribadeo, Sarria, Melide, Monforte e Verín. Vilas que se rexen por concellos electos. Nas

⁵⁶ Os Cistercienses, que nacen no 1098 no mosteiro de Citeaux, como unha reforma do modo de vida monástico cluniacense, de raíz bieita, van gañar un notable pulo a través da definición feita por un dos primeiros cistercienses, Bernaldo, do mosteiro de Claraval. En 1119 o Papa Calixto aprobará diversas disposicións que favorecen o desenvolvemento desta orientación monástica con carácter de Orde. Entre as súas características está a búsqueda da pureza da Regla bieita e o rechazo da práctica monástica bieita de cobro do diezmo como fonte de ingreso, que non sempre se cumpriu, en favor da substentación a través do traballo artesanal e agrario dos monxes, auxiliados pola colaboración de irmáns leigos. Con estes, e coa aceptación de terras en lugares apartados e inhóspitos, afrontan a roturación dos campos e a modernización técnica e de cultivos agrarios.

Logran unha importante expansión por todo o Occidente europeo, sobre todo a partir de tres casas francesas, unha delas a de Claraval –a de Bernaldo-, polo que tamén serán os monxes coñecidos como os Bernaldos, se un novo mosteiro nacido se filia a esta casa. Os cistercienses adoptan unha estrutura federal, gobernándose a través de assembleas anuais de abades, formando un capítulo xeral, arredor do seu documento central: *A carta da caridade*. O primeiro dos mosteiros cistercienses hispanos, puido ser o de Moreruela, en Castela no 1132.

⁵⁷ Fernando II, que casou con Urraca Enriques filla do rei portugués Afonso Enriques, está soterrado no (semi-clandestino) Panteón Real da Catedral de Santiago. Neste Panteón están: Pedro Froilaz (educador de Afonso VII o Emperador), a Emperatriz Dona Berenguela (casada con Afonso VII), o Conde de Galicia D. Raimundo (pai de Afonso VII), Fernando II, fillo de Afonso VII, Afonso VIII (fillo de Fernando II) e a raíña Sabela muller de Pedro I de Castela.

⁵⁸ A historiografía española coñéceo como Alfonso IX. A nova historia medieval galega está a resitualo adecuadamente como Afonso VIII (na liña dos reis de León e de Galiza).

que se instalan comunidades xudeas, que tiran do comercio. Ao punto chega esta protección dos concellos municipais úrbans, que Afonso VIII pretende fortalecer sobre base burguesa o seu reinado e nesa perspectiva, no ano 1188, por vez primeira en Europa, se reune unha Curia Rexia coa participación de burgueses e cidadáns, unha Curia na que se falaría en galego.

Con todo isto, non esqueceu o rei o fortalecemento rural. De tal modo, promoveu a repoboación rural e a agricultura, coa colaboración de mosteiros bieitos revitalizados, e mediante o impulso e apoio á creación de novos mosteiros, que adoptan agora a regra cisterciense⁵⁹. Atrás de Sobrado e de Oseira (1141) foron incorporándose ao Cister ou nacemento como tales: Melón, Meira, Montederramo, Armenteira, Xunqueira de Espadañedo e Oia, durante o século XII. Durante as dúas primeiras décadas do S. XIII así o farían tamén Monfero, Acibeiro, San Clodio e Penamaior. Entre os mosteiros femininos tamén S. Miguel de Bóveda no 1144 e Ferreira de Pantón no 1175 se incorporaban ao Cister, compoñendo no seu conxunto unha extensa rede monástica, con casas que en principio reunían un mínimo de 12 monxes, ou monxas, coa oportuna dotación de códices litúrxicos. Serían outros tantos puntos de actuación/creación cultural literaria, se ben, segundo as aportacións de investigación coas que contamos, non parece que a actividade cultural e de ensinanza ocupara papel de algún relevo⁶⁰, no caso de Galiza, cando menos⁶¹. A formación relixiosa ascética e non innovadora dos novicios e dos monxes ocuparía as maiores preocupacións, restrinxindo o abano dos posibles intereses intelectuais dos mosteiros bieitos e cluniacenses.

⁵⁹ Púidose ver isto facilitado ademais pola protección de Fernán Pérez de Trava, cruzado a Xerusalén, e nobre relacionado con Bernaldo de Claraval, aos mosteiros cistercienses.

⁶⁰ Os mosteiros cistercienses debían en principio contar con local para biblioteca e scriptorium, e entre os monxes sinálase o encargado da biblioteca. Pero isto debeu incumprirse con algunha asiduidade, así como debeu perder vitalidade a escola externa para os nenos, ou restrinxirse a rudimentos de lectura, escritura, ensinanza relixiosa e canto –para acompañar as celebracións litúrxicas–. Estando prevista unha reunión anual en Francia (Cister, Claraval,...) dos abades de cada mosteiro, isto tivo moitos incumprimentos, polo que as asembleas de abades pasaron logo a ser trienais. As abadías de 30 ou máis membros debían, desde o comezo do S.XIII, enviar un ou dous estudantes ao Estudio Xeral Cisterciense de París (Artes-Teoloxía), algo tamén a miúdo incumprido. Un reexame da súa formación levou a dictar no 1335 a disposición papal *Fulgens sicut stella*, regulando os estudos cistercienses e creando unha rede de Estudos: París, Tolosa, Montpellier, Salamanca, Bolonia, Metz e Oxford. Medidas similares ían dicitarse pouco despois para os mosteiros bieitos.

⁶¹ Así o considera J.M. Andrade Cernadas no seu estudio divulgativo *Monxes e mosteiros na Galiza medieval*, Santiago, Publicacións da Universidade de Santiago, 1995, e tamén no seu posterior *El monacato benedictino*, Sada, Publics. do SEG/O Castro, 1997, pp.225-238.

Cerrando este panorama relativo ao século XII será oportuna unha mención á educación literaria cabo da nobreza leiga. Referímonos aos señores e cabaleiros, premiados con terras polos reis por mor da súa colaboración nas conquistas aos mouros e noutras empresas reais, que van ensanchando os seus señoríos e trasladándoos aos seus herdeiros, a través do sistema de morgado; señores e cabaleiros que interactúan co señorío eclesíástico, cos mosteiros, cos cabidos e os seus bispos, cos burgueses das vilas, que se achegan en ocasións á corte... A educación literaria non era aínda preocupación central nos seus afáns, pero en cambio si será un ingrediente durante e a partir do S. XIII: o desenvolvemento poético galego, a narrativa cabaleiresca e os seus textos canónicos –para os séculos XIV e XV- completarán o que debería ser unha formación relacionada coas artes da guerra, cos usos do tempo libre e as celebracións dos cabaleiros, e coa música (canto e dominio de instrumentos musicais), todo isto na lingua romance, o galego.

A educación literaria: catedrais, mosteiros e conventos

Cando alborea o século XIII, os territorios galegos e leoneses, baixo o rei Afonso VIII, viron como dicíamos unha fase expansiva. Noutros reinos hispanos, hai que dicilo, tamén se vive unha fase expansiva. Fálase de Portugal, de Castela, de Aragón con Cataluña e o Mediterráneo...quizais tamén de Navarra. Nos aspectos culturais literarios Santiago segue ocupando grande relevancia.

Tocantes a esta cuestión é oportuno sinalar que, entre nós, non podemos falar aínda da existencia de escolas primarias como institución, por máis que fose elemental. Esa función alfabetizadora elemental vai seguir ocorrendo pois, ou a través dos ámbitos familiares nobiliarios ou por medio das non cuidadas escolas monásticas externas, coa súa continuación para novicios e novicias, segundo os casos, sen que podamos falar de situacións ou experiencias con algunha farangulla de calidade. O *Salterio* como libro de aprendizaxe da lectura, mediante exercicios continuados, repetitivos e memorísticos para o recoñecemento de letras, sílabas e palabras, precedendo ao recoñecemento de oracións gramaticais completas, a utilización de tintas sobre pergamiño, algún moi escaso emprego de papel, o uso dunha linguaxe de signos para a aprendizaxe do cálculo, e a práctica do cantochán, xunto a outros exercicios asentados na oralidade, estando permanentemente presente a educación moral e relixiosa... viñan conformar este mundo.

As perspectivas eran máis ricas, caso de aproximarse ás escolas das catedrais –Santiago, en particular–. Nelas, baixo a guía do Mestre Escola –de creación obrigada desde o III Concilio de Letrán (1179)-, podíase, polo menos, estudar gramática (latina) con todo o que

supoñía de diversos exercicios e de achegamento a diversos textos literarios, de carácter narrativo, poético, teatral nalgún caso, xurídicos ás veces. En Santiago, como xa se dixo, as perspectivas serían aínda un chisco mais amplas. Polo demais, o IV Concilio de Letrán (do ano 1215) viña a indicar que outras Igrexas –como as Colexiatas, por exemplo- tamén debían dispoñer dun mestre de gramática, debendo existir ademais nas sedes metropolitanas –como Santiago- un mestre de Escritura, é dicir un teólogo. Indicábase isto, cando a nacente Universidade ou Estudio Xeral de París recibía o pleno recoñecemento papal como Estudio da Cristiandade na facultade teolóxica. Unha disposición, certamente, moi ben acollida en Santiago, onde á normativa de 1169 para favorecer a ida de clérigos aos Estudos Europeos, xa se engadira unha nova, en 1207 (*Quoniam Thesaurus*), de grande reforzo na mesma dirección.

Anque non podemos seguir con continuidade nas Actas Capitulares conservadas en Galicia esta presenza, de modo intermitente si se fai referencia ao “magister scholarum”, ou “scholasticus”. Nos momentos actuais non poderíamos albergar unha clara confianza no “pasable” desenvolvemento destas actividades escolares nas catedrais galegas, ás que acompañaban a formación do pequeno, pero cuasi constante grupo de nenos de coro, para o canto litúrxico, baixo o cuidado tamén do Mestre Escola. Coa excepción do caso compostelano. É preciso anotar, sen extendernos máis, que varios dos sínodos celebrados –e o que estamos dicindo é válido tamén para todo o século XIV e o XV- nas Igrexas galegas recordan a necesidade de saber ben ler –o latín- e cantar antes de ser ordenados e promovidos os clérigos ao conxunto das ordes sagradas⁶², recomendación que alude ás deficiencias que se observaban.

Cando alborea o século XIII van abrirse outras oportunidades de acceso á educación e á cultura literaria, alén das que ofrecen os mosteiros bieitos e cistercienses, os mosteiros de coengos de Sto. Agostiño, as primeiras colexiatas e as escolas catedralicias, lugares todos coas súas pequenas bibliotecas –das que algo falaremos-. Nacen dúas ordes relixiosas novas, de carácter mendicante; referímonos aos franciscanos e aos dominicos, anque tamén máis tarde nacerán os agostinos e os mercedarios, sempre coas súas respectivas ramas femininas.

⁶² Vide A. García García, *Synodicom Hispanum. I. Galicia*, Madrid, BAC, 1981, *passim*. De entre os diversos sínodos podemos aludir ao de Bernaldo II de 1229, onde se sinala un método de formación territorializado. Baixo o control dos arcebispos –modo de articulación comarcal das parroquias e dos territorios- deberían buscarse en cada arciprestádego os clérigos máis intelixentes, para favorecer que estudiasen ata adquirir unha mellor formación, mediante a axuda económica e a suplencia do seu ministerio parroquial. Ref. en *Synodicom Hispanum, op.cit.*, pp.264-266.

Os mendicantes van asentarse todos nos ámbitos urbanos cun neto afán pastoral e litúrxico. A práctica dos sermóns, as prácticas piadosas, a vida ascética... vai unida aos mendicantes. Canda eles ven tamén a expansión relixiosa e conventual da arte gótica. Franciscanos e dominicos non teñen como primeira preocupación un afán cultural, pero aínda así a través deles ampliáanse as oportunidades culturais, sobre todo no caso dos dominicos. A comunidade tipo franciscana, de 26 frades (con votos solemnes de pobreza, castidade e obediencia) non contempla no comezo a existencia de escola no seu claustro, pero si a presenza de bibliotecas, con algunha liberdade na confección das súas existencias. Os que entran na vida conventual, como novicios, son xoves barbados que teñen algúns coñecementos literarios básicos, e un dos traballos manuais dos que gostarán vai ser a copia de manuscritos. De todos modos, ata as disposicións de 1336 non se realizará unha neta organización dos seus Estudos, que contemplan agora: 3 Estudos Xerais para toda a Orde, 21 Estudos medios (un por provincia franciscana) e unha escola en cada convento. A filosofía escolástica, a teoloxía, a liturxia, a gramática e as artes imprescindibles, co horizonte da formación teolóxica escolástica (franciscano-agustinista), ocupaban a centralidade da formación.

Debemos sinalar que a partir de 1214, ano no que os franciscanos abren conventos en Santiago e en A Coruña, seguen outras creacións no mesmo século XIII: Ribadeo, Viveiro, Lugo, Ourense e Pontevedra, e por fin Betanzos (ano 1289); aínda logo ata mediados do s.XIV rexistramos as creacións dos de Monterrei, Noia, Pobra, Herbón, abríndose asimesmo casas femininas (as "clarisas") en Santiago, Pontevedra e Allariz xa cara a mediados do século XIII.

E á súa veira debemos falar dos dominicos. Estes prevén unha escola ademais dunha biblioteca en cada convento; organizan trienalmente o ciclo de formación dos seus novicios e neste tempo a gramática, a lóxica, e a formación teolóxica, fundada sobre as posicións do dominico Santo Tomé (*Summa Theologica*), que tan profundamente marcou tal estudio⁶³,

⁶³ Tomé de Aquino (1225-1274), mestre (doutor e profesor) de Teoloxía en París chega a construír un gran corpo teórico de ensinanza teolóxica, dentro do que e de modo subsistente se sitúan unhas concepcións filosóficas que proceden do aristotelismo e da súa lóxica.

Fronte á primacía do coñecemento metafísico (platónico-agustiniano) móstrase partidario do coñecemento empírico, coa axuda da lóxica aristotélica como instrumento do saber e teoría da ciencia, sempre co uso da intelixencia ou capacidade abstractiva por mor da presenza nela de conceptos ou ideas universais. Así o pensamento desenvólvese progresivamente a partir da experiencia do sensible, porque ademais a nosa intelixencia é capaz de reflexión.

Desde tales posicións, Tomé de Aquino elabora unha metafísica (unha reflexión sobre o ser e as súas propiedades, os seres finitos, o ser infinito e as súas propiedades ou atributos, as substancias separadas ou criaturas espirituais –non corpóreas– e a orde do universo), unha filosofía da natureza (física xeral, física celeste), unha filosofía do home, unha ética e unha teoría probatoria da existencia de Deus.

conforman os núcleos dunha formación que se pretendía rigurosa. Dado o caso podíase engadir o estudio do árabe e de outras linguas en vistas a acción misioneira. Sen embargo, desbótábanse a ensinanza dos clásicos latinos, do dereito civil e da medicina. Hai que sinalar que desde unha disposición dictada en 1259 cada ano un ou dous dos mellores estudantes de cada casa eran enviados ao Estudio provincial para a súa formación como lectores, a través dunha preparación que duraba de cinco a sete anos, profundizando os campos citados, e abordando agora con máis atención a formación filosófica (aristotelismo) e retórica. De entre os mellores, aínda algúns estudantes eran enviados aos Estudos Xerais de París, Montpellier, Bolonia, Oxford, Colonia, Salamanca (este existente, polo menos, desde 1299)...., para a realización do doutoramento como mestres de Teoloxía. Neste senso, hai que sinalar que desde as disposicións dictadas en 1305, a formación do noviciado dominico incluía dous anos de gramática, tres de lóxica e dous de física, previos aos dous anos de teoloxía. Os que realizaban estes estudos incorporábanse plenamente á Orde dominica.

É do caso sinalar que tamén a partir de 1224, en que os dominicos abren casa en Santiago, crearíanse paulatinamente ao longo do século XIII as casas de Ribadavia, Tui, Lugo, A Coruña, Pontevedra, Viveiro e Ortigueira, téndose que agardar ata o século XIV polas casas conventuais de dominicas (Santiago, Viveiro e Lugo). Conformaron un conxunto de casas conventuais nas que, segundo os estudos realizados polo investigador da Orde en Galiza Aureliano Pardo, podemos recoñecer unha significativa actividade formativa: en Santiago desde os primeiros momentos, e despois tamén en Pontevedra, en Tui, en Lugo, en A Coruña. En 1250 hai cátedra de lóxica en Lugo e en Compostela, así como de gramática; tamén de gramática en Ribadavia e de ciencias naturais en Pontevedra. Cando se enceta o século XIV, tamén haberá estudos de lóxica en A Coruña. Neste momento algúns estudantes son enviados ao Estudio Xeral de Salamanca, e algún a París. Tamén en Tui e en Ribadavia se identifican situacións de estudio, e aínda en Viveiro⁶⁴, dada a considerable presenza de doctores. En efecto, positivo debía ser o desenvolvemento do estudio nos conventos dominicos de Galiza, ao punto de tomarse a decisión no 1344 de crear en Santiago o segundo Estudio Xeral da Provincia, unha vez existente o de S. Estebo de Salamanca. No que se refire aos estudos dos franciscanos, para este periodo, infelizmente non dispoñemos de concretas informacións con anterioridade á fin do século XIV, anque, sen embargo, é lóxico pensar na súa existencia, dada a presenza de estudantes universitarios franciscanos

⁶⁴ Son diversas e valiosas as contribucións do dominico Aureliano Pardo Villar, feitas entre os anos trinta e os cuarenta pasados en diversas publicacións, como se indica en A. Costa Rico, *Historia do ensino no Reino de Galiza, op.cit.* Polo seu carácter de síntese cito aquí *Los Dominicos en Galicia*, Imp. del Seminario, Santiago, 1939.

en París, en Tolosa e quizais mesmo en Oxford⁶⁵, e o feito de ser Santiago o centro dunha das tres provincias franciscanas hispanas (Aragón, Castela e Santiago, con diferentes “custodias”), segundo a distribución de 1233.

Estudiantes e profesores galegos nas Universidades europeas. Salamanca: o Estudio Xeral Compostelá

Desde todas as anteriores institucións e oportunidades de contacto coa cultura en Galiza nun tempo de rico desenvolvemento literario en latín, en galego e en castelán, neste caso nas Cortes reais de Fernando III –quen no 1230 unifica os reinos de Galiza, León e Castela⁶⁶– e do seu fillo Afonso X, quen incorpora á súa corte o conxunto dos acervos científico-literarios elaborados en Toledo⁶⁷, será posible entender tamén a presenza exterior de estudantes galegos en distintas universidades europeas e tamén na de Salamanca. Disto queremos falar.

Como resultado da política cultural sostida polo Cabido e o Arcebispo Compostelano durante o século XII, desde o comezo do século XIII pode observarse a presenza de cléri-

⁶⁵ M. De Castro, *La provincia franciscana de Santiago. Ocho siglos de historia*, Santiago, Liceo Franciscano, 1983.

⁶⁶ Fernando III, un dos fillos de Afonso VIII de Galiza e León, como froito do seu matrimonio con Berenguela filla do rei Alfonso VIII de Castela, comezou a reinar en Castela no 1217, mentres o seu pai o facía en León. Este, que antes casara con Tereixa de Portugal, deixa como sucesoras de León ás súas fillas procedentes deste matrimonio, Sancha e Dulce. No intre da morte, a negociación feita polo seu irmanastro con elas, permitiulle unir baixo a súa Coroa Castela e León, que xa non voltarán separarse, incorporando a notables galegos a súa corte, por el situada en Toledo.

⁶⁷ Cando Afonso X asume o reino e o seu goberno desde a cidade de Sevilla conquistada aos mouros no tempo do seu pai, vai impulsar un extraordinario traballo cultural e científico, que terá unha enorme transcendencia mesmo no que respecta á creación da lingua culta castelá. Un traballo impulsado desde Sevilla, pero tamén desde Toledo, a antiga cidade visigótica e mozárabe que fora sede dunha a modo de Escola de Tradutores de obras filosóficas e científicas do árabe e do hebreo para o latín. A cidade de Toledo, con 30.000 habitantes a fins do s.XI concita xentes de cultura cristiana, árabe e xudea, o que lle permite acceder de modo cruzado a distintas fontes e saberes. Pedro o Benerable de Cluny, por iso, solicitarálle ao arcebispo de Toledo D. Raimundo (1124-1152) diversas traducións, o que faría medrar a fama literaria da cidade, a que acoden distintos filólogos e estudiosos europeos, entre eles, o máis famoso, Xeraldo de Cremona, quen entre o 1145 e o 1189 será un grande promotor das traducións; case 100 obras de astronomía, de alquimia, de matemáticas, de ciencias naturais, de medicina... serán así vertidas ao latín, o que terá unha enorme transcendencia no panorama cultural e universitario europeo. Afonso X vai incorporar, como dicíamos, este acervo e continuo creativo con obras fundamentais como a *Grandre e General Estoria*, as *Tablas alfonsíes*, de astronomía, o código de dereito real *Las siete Partidas*, e diversas obras literarias entre as que as *Cantigas de Santa María*, con textos poéticos en galego acompañados da súa música escrita, ocuparán, como sabemos, un destacado lugar. Vai continuo tamén, a través do impulso á Universidade de Salamanca, iniciada polo seu avó, sostida polo seu pai e fortalecida por el.

gos “compostelanos”, en París (de alí volve por volta de 1220 Osorio Eáns, entre outros dos que só podemos supoñer o seu estudio alí, como puido ser o caso de quen será arcebispo compostelano co nome de Bernaldo II), en Bolonia e noutros lugares. Naquela altura, Bernaldo Compostelano o Vello, Lourenzo Hispano e Xoán Hispano de Pesetella exercen como mestres universitarios de dereito canónico en Bolonia, en Vicenza e en Pádua⁶⁸, anteceendo ao considerable número de galegos, singularmente “compostelanos”, presentes alí en Bolonia ao longo do século. Algúns dos que vimos de citar son autores de obras de estudio e comentario: de Bernaldo o Vello e a *Collectio Romana* composta en 1208, o *Apparatus (de Glossae) in Decretales* (ao Decreto de Graciano, composto entre o 1201 e o 1205), e as *Quaestiones disputatae* (elaboradas entre 1204 e 1209); de Lourenzo Hispano, que ensinou en Bolonia entre 1210 e 1214, denantes de ser *Magister Scholarum* e logo bispo de Ourense (1218-1248) é o *Apparatus* ao Decreto de Graciano, ou *Glosa Palatina* na súa última redacción; de Xoán Hispano de Petesella (¿de Compostela?), presente en Bolonia (1223), en Pádua (1229) e en Bolonia de novo e a *Summa super titulis decretalium* (apud 1235). Avanzando o século alá atopamos tamén a quen se denomina Bernaldo Compostelano o Novo, a Xoán García Hispano, a Gonzalo Hispano e a Álvaro Pais (Pelaxio).

Bernaldo Compostelano o Novo parece que realizou un tempo longo de estancia en Roma, á veira do Papa Inocencio IV, de quen foi capelán. Pouco despois de 1245 escribe a *Margarita (Compostelana) ad apparatus in quinque libros Decretalium Innocentii IV*, e tamén un *Apparatus in Decretales Innocentii IV* (este Bernaldo Compostelano presente no Cabido compostelano en 1260, morrerá no 1267). O coengo compostelano Xoán García Hispano, presente en Bolonia no 1277, alí consta como profesor de Decretais no curso 1279-1280, sendo autor de moitos manuscritos de *Apparatus* e *Quaestiones*. Aínda en Bolonia se atoparán os franciscanos Gonzalo Hispano (ano 1269) e Álvaro Pais (1269), dos que se falará noutro lugar. Non son os únicos galegos nas terras de Italia; o investigador da Universidade Salmantina Beltrán de Heredia recolle⁶⁹ a presenza de 21 galegos estudantes en Bolonia nos últimos decenios do século XIII; o grupo de clérigos hispanos máis numerosos, logo dos

⁶⁸ A. García García, *La Canonística Medieval en Galicia*, Santiago, Instituto Teolóxico Compostelano, 1981, entre outros rigurosos traballos seus, e B. Bartolomé Martínez, “Estudiantes y profesores españoles en universidades extranjeras. Siglos XII-XIII”, *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, 4 (1985).

⁶⁹ Sendo a súa existencia aínda limitada, en 1243 Fernando III reforzou a situación xurídica do Estudio, concedéndolle novos privilexios no 1252; de seguido, en 1254, Afonso X reforzou os seus privilexios e a súa orientación xurídica, obtendo recoñecementos do Papa Alexandre IV no 1255. Os estudos xurídicos regulounos Afonso X en 1254. Con todo, non puido ser ata o ano 1381 a creación da Facultade de Teoloxía anteriormente –como tal– só establecida en París, alén dos Estudos Xerais dominicos e franciscanos.

catalogans, o que é un indicio da actividade literaria en Galiza, que impelía a desenvolver estudos universitarios. É tamén un indicio tanto do desenvolvemento urbano –como espacia preferente de procedencia–, como da expansión da fidalguía. Cos seus títulos universitarios, sobre todo de bachareis –o título básico–, pero tamén como licenciados e doutores, os que volven van instalarse na proximidade da Corte e nos cabidos catedralicios, tanto dentro como fora de Galiza, mediante procesos de certa colonización, tal e como foi particularmente o caso de Salamanca. Aquí, a Universidade ou Estudio Xeral ten o seu primeiro momento fundacional nos anos de 1218-19, sendo Afonso VIII rei de Galiza e León (cando xa no reino de Castela, entre o 1208 e o 1214, en Palencia, se creará un Estudio Xeral, que sen embargo morrería por volta de 1240). Créase o salmantino co estudio da Gramática e as Facultades de Artes, Dereito (canónico e civil) e Medicina, e sostén Beltrán de Heredia que o principal promotor da idea do Estudio fora D. Gonzalo Fernández, o bispo salmantino, de procedencia galega⁷⁰. Sostén tamén que as cátedras durante o século XIII “estiveron a cargo do cabido, preferentemente dos compostelanos ou oriundos de Galicia”. E segue dicindo:

Temos que dirixir as miradas preferentemente aos compostelanos do cabido catedral. Eles foron quen induciron a Afonso IX a fundar a Universidade, eles tamén os mellor dispostos pola súa formación académica para encargarse da ensinanza... De entre eles, saían de ordinario os catedráticos, perpetuándose nos de aquela procedencia os postos académicos, como sucedía cos do cabido catedral⁷¹,

chegando a afirmar que co apoio rexio e a colaboración compostelana foi posible que o estudio salmantino botase raíces⁷², ata o punto de que cando a principios do século XIV, por razóns económicas, perigaba o Estudio Salmantino, o Papa demándalle ao arcebispo compostelano D. Rodrigo de Padrón a súa intervención para o seu arranxo, o que se produce sendo o ano 1313, clarificando as bases de substentación económica das cátedras universi-

⁷⁰ Vide Beltrán de Heredia, *Cartulario de la Universidad de Salamanca (1218-1600)*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Salamanca, p.61 e seguintes. Cun dato sobre outro, Beltrán de Heredia sitúa aos bispos de Salamanca de procedencia galega, e por veces compostelá: D. Fruela ou Froilán (1207-1214), que primeiro fora alí Mestre Escola; D. Gonzalo Fernández (1214-1226), Martín Fernández (1230-1246), Pedro Pérez (cara a 1254), Don Suero, tamén notario do rei, Gonzalo Rodríguez (por 1273), e Nuño Fernandez, case á fin do século XIII. Bispos que se acompañan de clérigos de procedencia galega, que de ordinario gozan das máis altas dignidades no cabido (deán, arcedianos, ...).

⁷¹ Di Beltrán que os galegos do Cabido salmantino era o sector “máis preparado e o máis indicado para facerse cargo das cátedras universitarias” (p.58), o que “nos levou a concluír que a Escola compostelana tivo parte moi principal na Academia salmantina”. Entre os catedráticos de procedencia galega son citados o Mestre Abril, Pedro Afonso, Rodrigo Fernández, Afonso Pérez, e Domingo Martínez.

⁷² *Ibid.*, p.96.

tarias, algo que pouco despois, no 1317, o novo Arcebispo Compostelano D. Berengario de Landoira, dominico, veu a completar coa colaboración dos dominicos de San Estebo de Salamanca, que se convertiron en fortes valedores académicos do Estudio Salmantino.

Historia extraordinaria esta se pensamos na fundamental importancia da Universidade de Salamanca, e que nos levará a interrogarnos sobre o por que do non xurdimento da Universidade na propia cidade de Santiago, asunto que agora non nos pode demorar⁷³. En todo caso, García Oro ten salientado que a “Academia Salmantina era de feito ao finalizar o século XIII a plataforma natural que preferían os intelectuais compostelanos”⁷⁴; sendo así o Estudio Xeral da Provincia Compostelana.

As bases de partida eran, como dicimos, os espacios culturais compostelanos. Entre eles, xunto á Escola Catedralicia, a súa Biblioteca. Un espacio reducido na súa virtualidade literaria, pero que se agranda durante as primeiras décadas do S. XIII, mercede ás contribucións do novo arcebispo Bernaldo II, dotado dunha importante formación teolóxica e xurídica, a través das súas estancias romana e parisisa. Será arcebispo entre o 1224 e o 1237 e conformará unha biblioteca de case un cento de códices teolóxicos, xurídicos, patrísticos, sen que faltasen obras do mundo greco-romano⁷⁵. Dela van surtirse os coengos, pero tamén os domi-

⁷³ En efecto, Santiago, como Braga –sede arcebispal a máis ilustre en Portugal, onde nace a Universidade en Lisboa, no 1290– ou como Chartres, sendo adiantadas nas súas Escolas Catedralicias non tiveron Estudios Xerais nas súas cidades, e en cambio, coas súas xentes facilitaron que estas nacesen noutras poboacións. No presente caso, as razóns para Beltrán de Heredia eran xeográficas, pois tendo chegado os dominios de León ata cerca de Andalucía, Santiago quedaba moi descentrada; tamén climáticas. Mesmo podería ter xogado algún papel o dinamismo duns clérigos galegos titulados universitarios en terra de fronteira, con capacidade de innovación. Hai aínda, para min, outra razón: así como con Afonso X se convirte en Universidade real, con Afonso VIII e Fernando III ten moi marcado como de ordinario un senso de centro formativo eclesiástico, o centro da provincia compostelana, que era, recordémolo, a terra de Santiago e logo Salamanca, Ciudad Rodrigo e demais terras ata Andalucía, mentres as outras diócesis galegas, Astorga e Zamora, aínda seguían vinculadas a Braga. Tamén a busca da maior centralidade desde a xeografía eclesiástica podería aconsellar Salamanca, que atraeu despois ademais os Estudios Xerais provinciais dos franciscanos e dos dominicos. Para Emilio González López isto significará, di el, o triunfo da cultura mozárabe, fronte á cristiana norteña.

⁷⁴ J. García Oro, “Compostela, Academia de la Galicia medieval”, in UNIVERSIDAD DE VALLADOLID, *Estudios sobre los orígenes de las Universidades españolas. Homenaje de la Universidad de Valladolid a la de Bolonia en el IX Centenario*, Univ. de Valladolid, 1988, pp.69-84.

⁷⁵ A. García García, Y. Vázquez Janeiro, “La Biblioteca del Arzobispo de Santiago de Compostela, Bernardo II”. *Antoniano* (Roma), 61 (1986) 540 e ss. Din estes autores: “Na biblioteca de D. Bernaldo déronse cita libros procedentes dos seguintes focos culturais: o mundo clásico, o mundo monástico bieito, a España visigoda, a Igrexa de Roma e as Universidades de Bolonia e París. Ata o mundo árabe está ben representado por Avicena”. (p.546). Vide tamén: M. De Castro, “La biblioteca de los franciscanos de Val de Dios, de Santiago (1222-1230)”, *Archivo Iberoamericano*, 53 (1993) 151-162, e L. García Ballester,

nicos e os franciscanos que van a ela en busca dos teólogos Parísinos (St. Langthon, Lombardo, Comestor...), dos gramáticos, dos xuristas, e tamén dos científicos e autores da filosofía da natureza. Consta que os franciscanos retiran da biblioteca obras de ciencias naturais e de medicina; escritos de Aristóteles, Al-Faraby, Ptolomeo, as táboas astronómicas de Azarquiel, a álgebra de Jwarizani...⁷⁶ Libros que eran manexados, segundo constancia documental para 1222-1230 e tamén para 1240, polos profesores franciscanos Pedro de Odoario e Martín Fernández e polo dominico Xoán Fernández, o que levou a pensar na presenza dos *Studia* compostelana, onde por primeira vez en Hispania se citan as *Sententiae e Commentaria* de Pedro Lombardo á Sagrada Escritura; faise presente Boecio e os algoritmos (introducción da numeración arábica); cobran vigor as técnicas intelectuais da *quaestio* e a *disputatio* para a formación teolóxica... de tal modo que, como indicou Frateschi Vieira, "o que encontramos aquí só é comparábel com os círculos intelectuais em torno da catedral e do arcebispo de Toledo, Rodrigo Jimenez de Rada (1210-47)"⁷⁷.

Podemos comprender así a presenza de franciscanos e dominicos en Salamanca, en París e por que non en Oxford, chegados alá "per via marítima", na volta de pelegrinacións inglesas a Compostela, e contando coa notable presenza franciscana en Oxford⁷⁸. A este respecto sae do convento compostelano o franciscano Pedro Gallego (Ortigueira, *apud* 1207), que será bispo da recién conquistada Murcia (en Cartaxena) entre 1250 e 1267, impulsando alí unha obra tradutora do árabe: traduce unha pequena parte do *Al-Maxesto*; escribe o *Liber de animalibus* (unha compilación da obra de Aristóteles) e o *De regitiva domus*, unha obra de economía doméstica. A súa formación procedería de Santiago, de Toledo (pois apa-

"Naturaleza y ciencia en la Castilla del siglo XII. Los orígenes de una tradición: los *studia* franciscano y dominico de Santiago de Compostela (1222-1230)", en INSTITUTO DE ESTUDIOS RIOJANOS, *VI Semana de Estudios Medievales*, Nájera (La Rioja), 1996, pp.145-169.

⁷⁶ De Bruyne, "Une liste de manuscrits prêtés au XIII siècle á des Frères mineurs", *Antonianum*, 5 (1930) 229-232, traballo este ao que se teñen referido con aportacións críticas Antonio García y García, José García Oro, Manuel de Castro e García Ballester.

⁷⁷ Y. Frateschi Vieira, *En cas dona Maior. Os trovadores e a Corte Senhorial galega do século XIII*, A Coruña, Laiovento, 1999, p.103.

⁷⁸ Non estará de máis recordar a presenza de Roberto Greathead (Grosatesta) (1175-1253) como mestre e chanceler de Oxford, que impulsa un platonismo agustiniano antiaristotélico, pero sempre interesado polo mundo natural; a de Roxerio Bacon que é en Oxford alumno de Grosatesta, antes de ser mestre de Teoloxía en París (1244-1250) (pouco antes de ser tamén mestre de Teoloxía en París o tamén franciscano San Boaventura).

Un Roxerio Bacon que volve a Oxford onde escribe a *Opus Maior*, reclamando o lugar da experiencia como fundadora do coñecemento humano, en paridade coa autoridade e a razón. E non debemos esquecer tampouco que sae da súa primeira formación en Oxford o franciscano escocés Duns Scoto, quen no inicio do S.XIV en París estudiará Teoloxía, baixo a dirección do galego Gonzalo Hispano.

rece no círculo cortesano de Fernando III e de Afonso X), pero se cadra tamén de París e/ou Oxford, cuestións estas ás que se ten referido o investigador franciscano Manuel de Castro. Tense mesmo sinalado a súa amizade co franciscano e lisboeta Pedro Hispano (*apud* 1223-1277), o autor da síntese de lóxica aristotélica quizais máis socorrida ao longo da baixa Idade Media, as *Summulae logicales*, o manual que, sobre fontes aristotélicas e concedendo importancia ao terminismo, servía para a preparación dialéctica dos disputas escolares. De Pedro Hispano, de pais compostelanos, ten sinalado algún autor o seu paso de estudio, mesmo polo convento de Compostela, anque a súa formación é substancialmente parisina. Sairá do mesmo lugar conventual outra figura ben importante, Gonzalo Hispano, alumno de San Boaventura e bacharel de Teoloxía en París no 1287, que será mestre da cátedra franciscana de teoloxía na Universidade de París en 1302, onde é profesor durante tres anos do seu sucesor Duns Scoto, mentres elabora as súas famosas *Quaestiones disputatae. Conclusiones subtilissimae in XII libros methaphisicorum* (publicadas en 1935), tanto tempo atribuídas a Duns Scoto⁷⁹. E aínda debemos citar un outro franciscano: Álvaro Pais (ou Pelaxio), home de cultura enciclopédica, intelectual europeo e autor das obras *De statu et planctu ecclesiae*, onde defende o papel regulador social da Igrexa, e dun *Speculum regum*, adicado ao rei Afonso XI de Castela⁸⁰. Debemos sinalar, por fin, que para este período non acertamos a sinalar destacadas figuras de dominicos galegos, a non ser a de Nicolás de Salamanca⁸¹, precedendo a figuras notables dun tempo posterior.

⁷⁹ Gonzalo Hispano (incorrectamente chamado Gonzalo de Balboa), un autor influenciado polo agustinismo, será nomeado no 1304 Xeral da Orde franciscana e como tal prepara a fundamental *Regla da Orde*, preside o Capítulo Xeral celebrado en Tolosa no 1307, coa asistencia de 900 mestres teólogos franciscanos, e funda conventos en distintos lugares. Era no 1304 cando pedía ao Chanceler de París o título de mestre de Teoloxía para Duns Scoto, un franciscano fundamental na Escolástica pola súa defensa dunha doutrina de coñecemento de inspiración aristotélica e pola negación das vías tomistas de coñecemento. Un antecedente en certo modo das posicións de Ockham.

⁸⁰ Álvaro Pais, nado no 1275 na Comarca do Salnés, foi educado na Corte de Sancho IV, sendo no 1296 clérigo compostelano. No 1304, e logo de varios anos de estudio en Bolonia recibía o título de Doctor e ingresa na Orde franciscana, permanecendo nos conventos de Asís e Luca durante 25 anos. No 1330 é chamado a Aviñón polo Papa, e alí inicia a obra *De statu...*. Estará logo no Algarbe –en Silves– como bispo, dependendo do arcebispado de Sevilla, en Lisboa, e en Compostela (anos 1339-40), morrendo en Sevilla no 1349. Casimiro Torres Rodríguez que se ocupa de “Pedro Compostelano” en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T.XXIX, de 1974, di que este autor, que escribiu a obra *De consolatione rationis*, obra alegórica adicada a Berenguel (supostamente, de Landore), na que a razón se convirte en guía fronte á incerteza, non é outro, como hipótese máis plausible, que Álvaro Pais.

⁸¹ García Oro di que en Salamanca se aclimataron mendicantes dominicos e franciscanos de procedencia galega, entre os que sinala como o máis distinto dos predicadores a Nicolás de Salamanca, “probablemente galego”, despois de analizar a documentación aportada por Beltrán de Heredia. Vide, J. García Oro, “Compostela, Academia de Galicia Medieval”, p.77, n.45.

Como un froito máis deste ir e vir de clérigos aos Estudos Xerais e da necesidade de formación, habería que mencionar, asimesmo, a presenza de outras bibliotecas, teolóxicas e xurídicas como a Capítular de Lugo⁸², ou a de Mondoñedo⁸³ e a práctica de mandas testamentarias relativas á materia libraria. A través destas mandas descubrimos a presenza de obras básicas, tamén relacionadas en ocasións coas ciencias naturais e coa medicina, que pasan de Salamanca a lugares de Galicia, ou de tíos a sobriños e outros familiares, facilitando así un certo intercambio de códices e de saberes⁸⁴, tamén observable durante todo o tempo dos ss. XIV-XV.

A cultura literaria: entre o latín e o galego

Formando parte deste panorama encóntrase o movemento cultural tendente á fixación escrita da lingua galega como lingua romance, con expresións tanto na prosa como na poesía. Acompañando a esa fase expansiva da sociedade galega, por volta de fins do S. XII, o galego comezou a ser unha lingua escrita. Así nolo revelan en particular, ao longo de todo o século XIII, os máis de 1600 textos poéticos profanos e os máis de 400 de carácter relixioso, actualmente reunidos en diversos cancioneiros (*Cancioneiro da Biblioteca Nacional* –de Lisboa–, *Cancioneiro da Ajuda*, o *Livro das Cantigas* do Conde de Barcelos, *Cancioneiro da Vaticana*, *Cantigas de Santa María*, *Cantigas de Martín Codax*)⁸⁵, que conforman hoxe a

⁸² Vide por exemplo M^a Portela Silva e J. García Oro, J., *La Iglesia y la ciudad de Lugo en la Baja Edad Media. Los señoríos, las instituciones, los hombres*, Santiago de Compostela, CS1C/Instituto de Estudios Galegos P. Sarmiento, , 1997, pp.65-73.

⁸³ A. García García, “La diócesis de Mondoñedo y la Universidad de Salamanca en los SS. XIII-XV”, *Estudios Mindonienses*, 4 (1989) 501-506

⁸⁴ Cuestión esta á que aludimos en A. Costa Rico, *Historia do Ensino no Reino de Galiza*, op.cit, pp.163.

⁸⁵ Este intenso movemento de creación poética en galego foi elaborado por algo máis de 160 autores xogrades (S.XIII) e trobadores que son sobre todo galegos (66 deles) e portugueses (aunque hai algún leonés e algún castelán), que escriben e cantan nunha lingua galega (ou galego-portuguesa) con alto grao de concordancia, elaborando composicións de “amor”, de “amigo”, de “escarnio”, ademáis de aquelas outras relixiosas. Autores, quizais baixo influencia da lírica provenzal, que elaboran os seus textos, ao servizo das cortes reais de Castela (cos reis Fernando III, Afonso X e Sancho IV, sobre todo) e de Portugal (cos reis Denis e Afonso III, rei este casado cunha filla de Afonso X de Castela, que tivo na súa Corte –1248/1282– a trovadores galegos), e tamén baixo a protección de grandes señores, como os Sousas e os Soverosas en Portugal, e Rodrigo Gómez de Trastámara en Galicia. Sinálase a este respecto a importancia indubitable da Corte Señorial deste Rodrigo Gómez, o último dos Traba, a mediados do S. XIII, sobre a que se conxectura a súa existencia en Santiago de Compostela, entorno do que procede unha parte singular dos autores oriundos de Galiza. Falamos de trobadores, case sempre leigos, e excepcionalmente clérigos, maioritariamente membros da nobreza secundaria dos infanzóns e dos cabaleiros, segundo sinalou Rosende de Oliveira.

A penas conservamos as primeiras copias e códices. O códice máis vello conservado é do da Ajuda, que é de finais do XIII; as sete *Cantigas* de Martín Codax están escritas no Pergamiño Vindel (forro da capa

expresión literaria escrita máis brillante da literatura poética hispana do século XIII.

Á veira desta literatura poética (que terá un grande refluxo desde mediados do S. XIV, por ausencia de mecenato, como sinalou Rosende de Oliveira), vai desenvolverse tamén o uso escrito na prosa do galego, a partir de fins do S. XIII e de modo moi continuado case ata fins do S. XV. Aparece o galego nos documentos municipais, gremiais o de confrarías, no campo da literatura xurídica, nos romances, e mesmo tamén nos documentos eclesiásticos. Os textos en galego que son a tradución do *Fuero Juzgo* castelán, a *Crónica Geral Galega* de 1309 –tamén tradución do castelán–, os escritos do arcebispo compostelano Rodrigo de Padrón (de 1309), os documentos do sínodo mindoniense de 1324, ou os textos do arcebispo compostelano D. Berenguel de Landoire, francés, alto dignatario dominico e representante do Papa de Aviñón en Compostela⁸⁶, son, na altura de fins do primeiro tercio do S. XIV un testemuño do forte desenvolvemento escrito posterior da prosa en galego⁸⁷.

Este uso escrito crecente do romance galego que como sinalou H. Monteagudo se fixo “prácticamente unánime” en canto á documentación privada durante os séculos XIV e XV e tamén un dos expoñentes notables da educación e da cultura literaria na Galiza. Prodúcese, mesmo coa calidade á que aludimos, porque o galego é un código crecentemente usado. Oralmente, pódese supoñer que desde o século X. E de modo escrito, porque goza de crecente prestixio social; lingua familiar para a clerecía, para os cabidos, para os estudantes

dun códice pergamiño do S. XIV que contén o de *De officiis* de Cicerón); o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* foi copiado e escrito en Roma a finais do S.XV por encomenda do humanista A. Coloci Brancutti; o da *Vaticana* foi copiado en 1527. Son autores galegos entre outros, Abril Pérez, Afons Eanes de Coton, Afons Soarez, Airas Nunes, Pérez Vuitoron, Bernal de Bonaval, Fernán Padrón, Esquílo, Fernán Paez, Johan Airas, Baveca, Johan de Cangas, Martín Codax, Rodrigues Tenorio, Mendiño, Pae da Cana, Gómez Charriño, Pero Gomes Mariño, Pero Meogo, Palla, ... As *Cantigas de Santa María*, un codice con composicións poéticas, musicais e imaxes que é considerado o máis impresionante monumento literario medieval, supuxo a intervención tamén de diversos escritores e trovadores galegos, que acompañaron a Afonso X na súa Corte de Sevilla; del existen varias copias, sendo a máis fermosa a conservada na biblioteca de “El Escorial”.

⁸⁶ O controvertido arcebispo D. Berenguel de Landore, figura analizada polos profesores Díaz y Díaz e García Oro, na súa estancia compostelana entre o 1317 e o 1330, procurou levar a cabo unha importante reorganización eclesiástica, coa conseguinte ordenación da vida relixiosa, para o que se dictaron novas Constitucións capitulares e diocesanas. De igual modo impulsou a compilación dos Tumbos B e C da Catedral Compostelana.

⁸⁷ Sobre estas cuestións pódense consultar, entre tantos estudos; G. Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986; Frateschi Vieira, *En cas dona Maior, op.cit.*; Resende de Oliveira, *Trobadores e xograres. Contexto histórico. Historia crítica da literatura medieval*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, , 1995; R. Mariño Paz, *Historia da lingua galega*, Santiago, Sotelo Branco Edicións, , 1998; H. Monteagudo, *Historia Social da lingua galega*, Vigo, Galaxia, , 1999.

galegos que van fora, converténdose nun dos sinais de identificación; lingua familiar nos castelos, nas casas señoriais, nos claustros conventuais, nos mosteiros, nas reunións dos concellos, dos gremios... Se aínda ata ben entrado o século XIII a lingua escrita, documental e culta era o latín, sen embargo, por este tempo comeza a deixar paso ao romance, sen que de comezo se interpoña, máis que excepcionalmente, outro código romance, o castelán, o competidor máis importante documentalmente falando... Non parece correcto que se escribira espontaneamente, sen que mediase algunha aprendizaxe, algún dominio... As aprendizaxes lingüísticas escritas fanse de ordinario gracias á colaboración de alguén supostamente mellor formado, que ensina, que corrixe... Isto debeu pasar tamén co galego. Non é así descabelado pensar que entre as ensinanzas gramaticais do latín nas cátedras catedralicias, monásticas e conventuais, e os seus exercicios, se introducisen tamén prácticas de aprendizaxe da escrita do galego. Pensemos, senón, nos trobadores e nos amanuenses que recolleron os primeiros cancioneros (aristocráticos, dos cabaleiros, xograrescos, individuais). Non sendo de ordinario a creación literaria algo espontáneo, e estando sometida a saberes culturais, temos que pensar que eles deberían ter adquirido coñecementos gramaticais, retóricos e musicais, "adquiridos a través de medios diversos", como sinalou Resende. Sendo así: ¿cómo non pensar nunha certa aprendizaxe formalizada da escrita do galego, tanto neste século XIII, como mesmo a posteriori, a pesar de afirmarse, co patrocinio real, cada vez máis o castelán?⁸⁸. Unha aprendizaxe que ocuparía, pois, unha parte dos afáns dos Mestres Escolas, dos bachareis universitarios e dos notarios presentes en Galiza. É este un grande interrogante, unha conxectura, que pode ser de interese esclarecer, para comprender mellor o noso pasado educativo e cultural.

⁸⁸ En efecto, a afirmación cada vez máis sólida do castelán, e a súa penetración, a través dos ámbitos do poder político civil e eclesástico e do poder cultural e social, vai conducir a un uso escrito cada vez máis menesteroso e precario do galego, porque se afirma o castelán como código culto e cultivado, sometido cada vez máis a cánones de corrección, mentres desaparecen os cánones de corrección escrita do galego, que paulatinamente camiña separadamente do portugués, código que á súa volta, desde o comezo do século XIV se afirma e constrúe en canto á súa corrección como "portugués lusitano" (eixe Coimbra-Lisboa), en lugar de "portugués galaico", como espuxo Mariño Paz. Vide tamén sobre estes asuntos Freixeiro Mato, *Lingua galega: normalidade e conflito*, A Coruña, Laiovento, 1997, e Montea-gudo Romero, "Aspectos socio-lingüísticos do galego, castelán e latín na Idade Media en Galiza", *Revista da Administración Galega*, 1 (1985) 85-105.

Tempos de crise e de un incertidume

Devalo e desarticulación da sociedade galega e innovacións europeas

O período da segunda metade do S. XIV é un momento de profunda inestabilidade e crise, tanto na Europa occidental como na Coroa de Castela, onde Galiza está xa plenamente inserta. No marco europeo, a Guerra –que se chamará dos 100 anos, 1339/1453– que se suscita (por cuestións territoriais) entre Inglaterra e Francia, arredor das que se sitúan os diversos territorios europeos, dificulta ou interrompe as comunicacións, entre elas as de carácter cultural –a través das Universidades–; isto agrávase extraordinariamente coa peste bubónica de 1349-1351, cun alcance mortífero extraordinario, e mesmo anos máis adiante, o Cisma católico, ante a presenza de dous Papas (un en Aviñon e outro en Roma), que organizan adhesións político-territoriais diferentes, entre o 1378 e 1417, ven por terminar de alterar situacións de todo tipo anteriormente consolidadas.

Aínda así, este momento abre tamén un período de innovacións: en Borgoña, en Escocia, en Irlanda, en Alemaña... suscítanse reestructuracións políticas e territoriais, abrése o proceso de constitución de Suiza, rexístranse abondosas pugnas entre as cidades-estado do norte de Italia, consolídase a extensión de Aragón en terras de Italia, segue manifestando a Hansa marítima a súa puxanza, constitúense centros financeiros en diversos puntos de Europa... E sobre todo, nas terras de Italia, Dante, Petrarca, Boccaccio, Paulo Bergerio, entre outros, descubren a antigüidade literaria greco-latina e abren a porta á “revolución cultural” humanista, na compañía dos artistas, pintores e escultores tamén italianos, decididos a “humanizar” as expresións artísticas, fraguándose deste modo un intenso movemento cultural renovador con múltiples e poderosas expresións durante o século XV, en toda Italia, denantes de extenderse con outras referencias, alén das literarias, polas diversas terras europeas, como Renacemento. Un movemento que tamén desde o comezo do século XV ten alcance directamente pedagóxico e educativo, do que son refrexo, tanto a creación do modelo de institución pedagóxica coñecido como *studia humanitatis* (os colexios humanistas), como o desenvolvemento universitario (renovación e creación de novos Estudos Xerais, en Italia e en Centroeuropa).

O panorama no reino de Castela, e particularmente en Galiza, vai ter, en cambio, rasgos críticos e de incertidume. En Castela suscítanse problemas económicos, sociais e político-dinásticos, que non fan máis que trastocar o anterior equilibrio feudal e social. No interior de Galiza todo o anterior mostra una singular fasquía.

No plano económico, desde o comezo do S. XIV, comeza a rexistrarse unha diminución dos rendementos agrarios (ante o aumento da poboación e o esgotamento das terras productivas), o que convulsiona o equilibrio entre os sectores sociais. Uns que pretenden rendas forais máis elevadas, e outros que se sinten máis desprotexidos, ocasionándose conflitos agrarios e municipais. Neste caso, prodúcense revoltas de burgueses en Santiago e en Lugo (1317), en Viveiro, en Mondoñedo. Avívanse as obrigas de prestacións basaláticas. Ponse en vigor o sistema da “encomenda” e dos encomendeiros, que chuchan a economía e rendementos dos mosteiros, alterando así a súa vida interior, cultural e relixiosa. Só a Galicia vilega, mariñeira e de realengo (A Coruña, Betanzos, Pontevedra nalgúns momentos, Muros, Noia, Baiona) escapa de algunhas destas circunstancias ao manter unha actividade marítima e comercial, por medio da que está en relación con Lisboa, con Sevilla, con Xénova, con Flandes...

Neste marco problemático para Galicia e mesmo para Castela, desde o comezo de 1350, a causa da sucesión real en Castela, estala unha guerra entre o sucesor lexítimo Pedro I e o seu irmanastro Enrique de Trastamara. Ocorre ademais, cando se viña de encetar un cambio na aristocracia nobiliaria galega. Desaparecidos os Traba, aséntanse agora os Castro, que o fan nas terras de Lemos, pero xa non teñen capacidade para coordinar todos os sectores nobiliarios de Galicia. Co conflito sucesorio aberto, unha parte destes sectores apoiarán a D. Pedro, pero tamén Enrique de Trastamara encontrará seguidores⁸⁹. Loitan entre si, non só ata que vence Enrique, que é proclamado rei como Enrique II no 1366, senón ata que os focos “lexitimistas” quedan completamente vencidos e esfarelados en Galiza no 1388. Isto trae consigo o cambio hexemónico entre os sectores nobiliarios, a entrada en escena de elementos nobiliarios non galegos, a aparición de novos cabaleiros⁹⁰, a desprotección da poboación burgesa, artesanal e xudea asentada en Galiza, que se tiña posicionado con D. Pedro, e a refeudalización da vida galega. Esta situación de inestabilidade que se prolonga ao longo do século XV vai provocar a creación de Irmandades –coa alianza dos sectores burgueses e artesanais con algúns elementos nobiliarios, baixo amparo real– e a manifestación de diver-

⁸⁹ Da parte de D. Pedro, que supoñía unha maior centralización de poderes fronte á disgregación nobiliar e o apoio urbano contra o despotismo nobiliario, sitúanse a maior parte dos Castro (Fernán de Castro) e sectores da alta nobreza rural, ademais dunha parte dos Andrade, que controlan a cidade de A Coruña. Con Enrique II posiciónanse Fernán Pérez de Andrade, Alvar Pérez Osorio, Alvar Pérez de Castro, e Pedro Ruíz Sarmiento, parte deles non galegos, e convértense en gañadores.

⁹⁰ Incorporáanse a Galiza os Sarmiento (Salvaterra, Ribadavia), os Enríquez de Castro (Lemos), os Osorio (Lemos), os Pimentel (Benavente e Ribadavia), mentres saíran a escena os Andrade, os Ulloa, os Moscoso, os de Soutomaior... Vide J. García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, Santiago, Bibliófilos gallegos, 1981.

sas liortas como a de 1431, que é antesá da Guerra xeral irmandiña do período 1467-69, que termina co abaixamento do poder feudal dos cabaleiros e señores máis asoballadores (simbolizado no esfarelamento dun elevado número de castelos) pero que non conquiere a destrucción da orde feudal, producíndose, en todo caso, un parcial recambio dos sectores nobiliarios dirixentes baixo o cada vez máis visible poder real, mentres o campesiñado, a burguesía e o baixo clero permanecen en posicións subalternas. Un renovado conflito dinástico reaberto coa morte do rei Enrique IV (entre a lexítima Xoana e a pretendente Isabel), de novo divide aos sectores nobiliarios galegos (Fonseca, a prol de Isabel, o de Soutomaior a favor de Xoana, Pardo de Cela con fidelidades dubidosas), e como consecuencia do triunfo dunha das partes, a de Isabel, termina afundíndose o poder dos señores leigos de Galiza, a favor agora do señorío eclesiástico: no 1483 Pardo de Cela é decapitado ante a Catedral de Mondoñedo, o de Soutomaior fuxe a Portugal; no 1484 os Condes de Lemos perden a súa tradicional xurisdicción sobre as terras sempre galegas de Vilafranca e de Ponferrada no Bierzo. Unha nova orde política se impón: baixo a férula isabelina agora afirmaba o seu poder o “Capitan General y Gobernador de Galicia”, con outros órganos de goberno de creación real como o “Alcalde Mayor”, o “Corregidor” e a Real Audiencia, mentres toda Galiza perdía a súa representatividade ante as Cortes reais.

Tempos impropicios para a educación

A desarticulación e as modificacións nos sectores nobiliarios, presentes controlando as prebendas nos cabidos catedralicios, a desordenación da vida monástica, a intranquilización da vida das cidades e das vilas, a inseguridade nas comunicacións terrestres no Occidente europeo, a división da cristiandade,... foron todos factores que incidiron negativamente no desenvolvemento da cultura e da educación literaria en Galiza.

A perda de poder político dos sectores nobiliarios tradicionais en Galiza e a súa gañancia por parte de xentes de cultura non galega, levou a unha desprotección do galego, que anque se usa de modo moi amplo⁹¹ na escrita, de cada vez amosa rasgos maiores de anarquía gráfica e morfolóxica, ata que finalmente, a raíña Isabel impuxo unha importante centralización

⁹¹ Son exemplo disto, os documentos da vida municipal do S. XV conservados por exemplo nas cidades de Pontevedra e Santiago, e as disposicións sinodais de Mondoñedo, Ourense e Santiago escritas en galego (17 fronte a 14 en latín, case sempre en Santiago e como indicio cultural, e a 25 en castelán). Son tamén deste período textos importantes das nosas letras: *A demanda do Santo Graal*, a *Crónica de 1404*, a *Crónica de Santa María de Iria*, a *Crónica Troiana* (1375), traducida do francés no escritorio dos Condes de Andrade, a *Crónica Geral Galega*, ou tamén os *Miragres de Santiago* de fins do S. XIV. Textos de carácter histórico, romances do ciclo bretón, memoranza da mitoloxía grega para servir de lectura a sectores nobiliarios e eclesiásticos.

político-administrativa e relixiosa que impulsa a uniformización e españolización (castelaniación) da escrita.

A desordenación da vida monástica cisterciense e bieita debeu mesmo interrompirlle os estudos e os traballos das bibliotecas e dos escritorios monásticos, situacións estas que en absoluto resolveron as constituídas “Congregación de Castilla” para os cistercienses e a “Congregación beneditina de Valladolid”, creadas como modo de articular progresivamente o conxunto dos mosteiros de cada Orde, de forma que se puideran librar así de encomendeiros pasando a depender dos Abades Xerais, extremo que tampouco beneficiou en principio ás abadías galegas, que viron como os seus rendementos se encamiñaban cara a Castela. En tales circunstancias o panorama da educación literaria foi, polo que sabemos, limitado, a pesar mesmo de que o Mosteiro de Sahagun, bieito, e próximo a Galiza, tivo a capacidade de conceder o equivalente a graos universitarios a partir de 1403 (en aplicación da disposición papal *Summi Magistri* de 1336). Tamén as reformas eclesiásticas penetraron entre as ordes mendicantes, formulándose no caso dos franciscanos como Regular Observancia (desde 1395), conducente á búsqueda do ascetismo e á renuncia aos signos do estudo (os graos universitarios), o que significou tamén aquí un inoportuno retroceso na formación literaria, cuestión que só se comezou a revisar, logo de moitas pugnas no interior da orde, cara a segunda metade do S. XV cunha nova e ordenada posta en marcha de colexios de estudo nunha parte dos conventos franciscanos, entre os que estiveron os de A Coruña e Santiago.

Presencias formativas

Con todo, previamente, os franciscanos dispoñían de Estudio Xeral en Salamanca (con certeza en 1340) e seguían mantendo, a pesar dos contratempos de todo tipo, a práctica de envío de estudantes ao exterior: como discípulo de Escoto Pedro Tomás está en París no comezo do S. XIV, onde elabora parte dos seus escritos metafísicos e teolóxicos; Xoan de Compostela está en Bolonia en 1406; destaca Pedro de Betanzos por volta de 1412 (¿Salamanca?); gradúase como mestre de teoloxía en París Esteban de Salnés no 1357; apunta un Afonso de Betanzos en Bolonia en 1389; cara a fins do S. XIV destacan como profesores/mestres de teoloxía en Ourense e en Santiago Afonso de Neira e Pedro Romeu, respectivamente, e en 1407 é catedrático en Salamanca Frei Lope de San Román, habendo nos conventos galegos máis notables en varios momentos do século XV diverso número de doctores en cada un deles: por exemplo, cinco en Lugo en 1422 e 10 en Viveiro en 1450⁹², unha

⁹² M. de Castro y Castro, *San Francisco de Salamanca y su Studium Generale*, Santiago de Compostela, 1998.

vez realizados os seus estudos alén dos Pirineos, ou en Salamanca⁹³.

O panorama cabo dos dominicos non debeu ser diferente: no comezo do S. XIV a contribución dos conventos galegos debía ser importante se temos en conta que o Capítulo Xeral de 1344 dispuxo o establecemento dun Estudio Xeral de Teoloxía en Compostela, asentado nas categorías do pensamento aristotélico e tomista e nos rasgos metodolóxicos propios da escolástica universitaria. Aquí descubrimos a frei Afonso Bonhome, lingüista, traductor do árabe e do hebreo. Por outra parte, frei Lope de Galdo está en Aviñón na corte papal e participa no Concilio Ecuménico de Constanza de 1417. Os conventos de A Coruña, Tui, Viveiro e Pontevedra, dispoñen de cátedras en moitos momentos de todo este período dos séculos XIV e XV, tal e como se desprende do número de doctores que Aureliano Pardo ten localizado en todos estes conventos. Todo isto levou mesmo á constitución da Provincia Dominicana de Santiago, que comprendía os conventos galegos, e tamén os de León e Asturias. Sen embargo, segundo avanzaba o século XV, entrando os dominicos nunha dinámica de revisión da vida conventual e a favor da creación de observancias, deu en debilitarse paulatinamente esta estrutura galega de formación, condenando, segundo Aureliano Pardo, aos conventos galegos á centralización castelanizante, á esterilidade intelectual e á desaparición dos estudos, situación esta que será a dominante desde finais do S. XV ata ben entrado o S. XVII⁹⁴.

Entre dificultades, aínda descubrimos a outros estudantes clérigos galegos en diversos centros: a Lope de San Xulián autorizado en 1344 a estudar teoloxía en Montpellier, a García Afonso que en 1394 estudia dereito canónico en Aviñón, aos ourensanos Martiño Vicente e Gallardo Ebrando que polos anos 30 do s.XIV estudian dereito en Lisboa⁹⁵, e a varios mindonienses e tudenses que tamén realizan estudos de dereito en Lisboa, sen esquecermos dos algo máis de 30 que estudian en Salamanca, sexa en 1381, seña en 1403, segundo

⁹³ En Salamanca os Estudos Xerais teolóxicos de franciscanos e dominicos foron incorporados á Universidade, en canto á súa validez e recoñecemento académico, a raíz da bula de Benedicto XIII *Sincerae devotionis affectus* (marzo de 1416), segundo a que a Universidade tería catro grandes cátedras (as propias de Prima e Vesperas), máis a de San Francisco e a de San Estebo. Cada cátedra dispoñerá do seguinte profesorado: mestre rexente, bacharel sentenciario, mestre de estudantes, bacharel bíblico, repetidor, sublector e encargado xeral.

⁹⁴ Aureliano Pardo Villar, "Los dominicos en Galicia. Capítulo de estudios", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense*, XI (1936-38), 320 e ss.

⁹⁵ Os datos que para diversos anos se refiren a estudantes en Lisboa e en Coimbra tirámoslos do *Char-tularium Universitatis Portugalensis*, ordenado en sete volumes para o período 1288 a 1481 por A. Moreira de Sá, sendo editado en Lisboa polo Instituto de Cultura Portuguesa, no 1966. Revisouse tamén o *Auc-tarium Chartularii Universitatis Portugalensis*, Vol I (1506-1516), Lisboa, 1979, ed. por Moreira de Sá.

datos aportados por Beltrán de Heredia⁹⁶. En todo caso, sen o fulgor de tempos anteriores. Aínda queda por sinalar a presenza de estudantes galegos no Estudio de Bolonia, gracias á existencia do Colexio Español do Cardeal Gil de Albornoz, onde se prevía a existencia dunha praza de canonista para o estudiantado compostelano, anque de poucos deles hai unha constancia explícita (de só cinco), se ben, como indica García Oro, os compostelanos puideran ter chegado a vinte durante o S.XV, sendo por iso tal Colexio “familiar aos clérigos compostelanos”⁹⁷.

Esta presenza exterior segue a estar conectada substancialmente coa actividade escolástica desenvolvida, con intermitencia, polos Cabidos catedralicios e os seus Mestres Escolas, ben directamente, ou por medio da contratación de mestres de gramática; e únese a esta, tamén a actividade inconstante desenvolvida polas Colexiatas (A Coruña, Baiona, Ribadeo...). Sen embargo, debeu haber carencias considerables na formación do clero parroquial. Así, polo menos, o deixan entender os documentos sinodais do Arcebispo Lope de Mendoza (de 1435), que recorda os requisitos da súa formación, ou o do bispo humanista Diego de Muros de 1482, sendo el bispo de Tui (1471-1487), que se doe do “grande defecto de personas letradas” que ignoraban a gramática e non entendían o latín.

Alén destas realidades só quedaría falar da existencia de varios cenáculos culturais de orde familiar, dunha certa presenza da educación literaria feminina e de algúns gromos de educación primaria popular. Realmente, é moi pouco o que con precisión documental sabemos sobre a educación feminina⁹⁸. Ao longo de toda a Baixa Idade Media os mosteiros cistercienses femininos, as bieitas, e os conventos de clarisas e de dominicas, que incorporaron como novicias ou por vía residencial a fillas da nobreza, da fidalguía ou de campesiños acomodados, foron sen dúbida espacios de educación literaria, anque, como ten sinalado Clara Rodríguez⁹⁹, non iría de ordinario máis alá da lectura e o canto, sendo as lecturas esencialmente de tipo relixioso. Se isto fose así, poderíase conxeturar un superior nivel cultural das monxas sobre as leigas do seu mesmo contorno social. Engadimos, pola nosa parte, que as mulleres e as fillas dos sectores nobiliarios máis destacados deberían gozar de diversos

⁹⁶ Para valorar a dificultade das comunciacións baste sinalar que o traslado entre Santiago e Salamanca cubríase en once días de viaxe en mulo, ou en catorce camiñando.

⁹⁷ García Oro, “Compostela, Academia de Galicia Medieval”, *op.cit.*, P.78, onde alude en notas ás fontes documentais oportunas.

⁹⁸ Vide M.C. Pallarés Méndez, *A vida das mulleres na Galicia Medieval*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 1993, *passim*.

⁹⁹ C. Rodríguez Núñez, *Los conventos femeninos en Galicia: el papel de la mujer en la sociedad medieval*, Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1993, p.158.

graos de contacto co mundo literario, o dos cancioneiros galegos, o das novelas de cabaleiría... mediante procesos de educación familiar, cos que as aprendizaxes instrumentais tiñan que ser achegadas, e quizaves deste modo tiña que ser superior a formación feminina nestes casos. Debemos pensar que un certo refinamento cortesano formaba tamén parte das estratexias de entrelazamento familiar nobiliario constantemente presente en Galiza.


Tampouco sobre a posible educación primaria popular e os seus gromos dispoñemos actualmente de calquera constancia documental. Aínda non. Pero nalgunhas circunstancias é posible que se fixese. Máis alá das escolas de gramática catedralicias e das colexiatas, quizaves tamén acudían nenos (os propios meniños de coro), para recibir unha formación elemental relativa á lectura, á escritura e ao cálculo, complementada sempre coa formación relixiosa e, sempre que pertinente, coa musical. Se falamos dunha certa vitalidade urbana (Santiago, Ourense, Lugo, Tui, a veira mar con A Coruña á fronte), ¿por qué non pensar na existencia de incipientes e deficientemente formalizados procesos de aprendizaxes propiamente escolares, tan necesarios por outra parte para a lectura de pequenos documentos notariais, para as transaccións comerciais, para os cálculos con astrolabio no caso de navegar...?, anque sabemos que, entre nós, hai que agardar ao século XVI, para situarnos ante as escolas entendidas como primarias.

Queda, por fin, referírmonos aos cenáculos culturais durante o S. XV, aspecto este que estudiou o profesor García Oro. Fala el do clan familiar do arcebispo compostelano –pero non galego– Lope de Mendoza, dos Diego de Muros, humanistas de formación salmantina, vigo-rosos impulsores da cultura a fins do S. XV e no comezo do S. XVI, do burgués, bispo e mecenas compostelano Martín de Galos, da familia do arcebispo Alvaro Nuñez de Isorna, dos de Viveiro (entre os que destaca o bispo de Salamanca, franciscano e bibliófilo Gonzalo de Viveiro, morto no 1480), dos Fonseca, tamén humanistas e de formación salmantina –nalgún caso–. Xunto a eles aparecen outros personaxes destacados: Rodrigo Sánchez de Moscoso, rector da Universidade de Salamanca nos comezos do S. XIV, Xoán Arias del Villar, presidente da “Chancillería” de Valladolid, ou un Afonso Pérez de Viveiro, tamén situado en Valladolid¹⁰⁰. Nun contexto de incertidume, estes cenáculos, estas familias con interese polo mundo da cultura e da formación literaria, mesmo como garantía de ascenso social, representaban un outro camiño para as prácticas educativas en Galiza. Por vías familiares accédese a bibliotecas, a obras literarias valiosas, a persoas posuídoiras dun prezado capital cul-

¹⁰⁰ J. García Oro, *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*, Vigo, Galaxia, 1975. Do mesmo autor, *Os Fonseca na Galicia do Renacemento. Da guerra ó mecenado*, Toxos Outos, Noia, 2000

tural, creando así pequenos ambientes de incursión letrada que se aproximan ao humanismo italiano e castelán, na espera das novidades culturais do século XVI: a presenza dos libros impresos, a creación da Universidade en Santiago... Un tempo distinto. E tamén outro escenario cultural e literario, do que xa non se falará.


No período da Idade Media poderíamos dicir que Galiza foi unha terra madrugadora e que por motivos que aquí se espuxeron decaeu, en cambio, cando outras terras e xentes comezaban a ser parte do escenario cultural e literario.




Hispania romana Gallaecia




O reino dos suevos arredor do 570



O reino de Galiza (1065-1072)




España á morte de Alfonso VII (1157)




Implantación das ordes relixiosas en Galicia na época medieval


ORGANIZACIÓN ECLESIAÍSTICA DE GALIZA



SS. XII-XIII



SS. XV



Fonte: "Santiago de Compostela (Diócesis)",
Diccionario de Historia Eclesiástica de España. CSIC, Madrid, 1975